ATENEA

Nº 2 - XANEIRO 2000



Xavier Alcalá MEDICOS DO MUNDO Xosé Ponte Far U.R.E. Leandro Mª Xosé Leira MANOS UNIDAS Marcial Cantero CLUB DE MONTAÑA Maica Rodríguez Fermín Bouza CARRABOUXO Maruxa Orxales Elia Rico Xan L. Domínguez Vari Caramés ..... ¿Que hai do JOFRE? ....

Revista trimestral. 400 pts.


Martes 18 - Xaneiro - 20:30 h

Presentación


do Caderno Nº 14 do Ateneo.



Rosa Mª G. De-Cal Y Cortina



Tódolos socios-as poderan pasar a recolle-lo ,a partir do día da presentación, na secretaría da Entidade.



EDITORIAL

ATENEA

Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
nº 2 - xaneiro 2000

EQUIPO TÉCNICO E REDACCIÓN
Luis Calvo Teijo
Fernando Ocampo Montesinos
Maria del Mar Villares Diaz

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E MAQUETACIÓN
José A. Villar Corral

ILUSTRACIÓNS das CABECEIRAS
Leandro

CORRECIÓN LINGÜÍSTICA
Margarita Souto Fraga

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

ATENEO FERROLÁN

Rúa Madalena, 202, 1º - FERROL
Teléfonos: 981-357970 / 354098
FAX: 981-354098
E-Mail: a_ferrol@teleline.es

Depósito Legal: C-22/00
ISSN: En tramite

COLABORACIÓNS
Beatriz Picos
Carrabouxo
CLUB DE MONTAÑA
Elia Rico
Eliseo Zaera
Fernando Ocampo Montesinos
Fermin Bouza
Leandro (Debuxo da Portada)
Maica Rodriguez
MANOS UNIDAS
Maria Xosé Leira
Marcial Cantero
Maruxa Orxales
MÉDICOS DO MUNDO
Sabela Arias
U.R.E.
Vari Caramés
Xan L. Dominguez
Xavier Alcalá
Xosé Ponte Far

Hoxe, nesta segunda edición de ATENEA, que coincide con principios do ano anterior ó novo milenio, quixeramos comezar, quizais, polo que debera ser previo, como é explicar aquelo que pretendemos coa nosa revista.

Somos conscientes dos moitos fallos da primeira, propios das presas por querer chegar antes, mais, disimulade... " ... faise camiño ó andar". Hai unha cuestión moi clara como é o esforzo e boa disposición de todos nós, directiva e colaboradores, por ofrecervos un material que reúna uns mínimos de contido e calidade.

Neste senso, non pretendemos facer unha revista, no máis amplo senso do seu significado. Non somos profesionais, só vontade, moito cariño e ganas de facelo ben. Queremos informarvos do acontecer diario do Ateneo, das actividades, da programación trimestral, xa que non é posible, só por medio desta revista, facelo día a día.

Así, ese vai se-lo eixo principal arredor do cal xire basicamente todo o contido de **ATENEA**. *Tentaremos dar unha amplia información sobre tódalas actividades programadas e que as voces dos responsables e partícipes das mesmas cheguen a vos dun xeito máis completo, con artigos de opinión, ou reseñas e ampliacións dos actos.*

A meirande parte das páxinas e espacios terán o carácter de fixos, como unha forma de garantir esa continuidade que consideramos necesaria para a existencia de **ATENEA**.

Tamén desde aquí, queremos desenvolver esa solidariedade e pluralismo que caracteriza ó Ateneo desde o seu nacemento, abrindo as portas para ofrecer todo o noso á sociedade ferrolá e, ó dicir sociedade, facémolo no senso máis amplo, integrando no mesmo a tódalas entidades que, dalgún xeito, están a traballar coma nós por facer de Ferrol unha cidade, un lugar de vida máis agradable.


Somos conscientes de que tódalas tribunas, tódolos espacios que ofrecer a todas aquelas persoas ou entidades que loitan a cotío por cambia-lo noso mundo, son poucos, por iso, **ATENEA** *estará aberta, na medida das nosas posibilidades, sen perde-lo fundamental da súa razón de ser, como é, a información e vehículo de comunicación co socio e coa sociedade de canto estamos a facer.*

Como Ateneo, como temos asumido desde o nacemento, podemos resumir nunha frase acuñada desde hai moitos anos, "O Ateneo Ferrolán, un lugar de encontro para a Cultura", tentamos cubri-lo amplo aspecto de científico, literario e artístico que definen os nosos estatutos.

Así, en **ATENEA** *terán cabida tamén, aparte dos temas e traballos relacionados coas programacións, outro tipo de traballos e colaboracións que sigan esa liña ateneista de, tratar e falar de temática que teña que ver coa función dun ateneo.*

Agardamos cumprir eses obxectivos que nos marcamos e, cando menos, lograr unha comunicación e un achegar un pouquiño máis, a todos aqueles que dalgún xeito estades a apoiar ese proxecto, hoxe realidade, nacido na primavera do ano 76 que se chama Ateneo Ferrolán.

Ateneo Ferrolán



SUMARIO



Páx.

SERVICIOS DO ATENEO



BIBLIOTECA - HEMEROTECA

Continuamos expoñendo os fondos cos que contamos para que, pouco a pouco, tódolos socios e usuarios saiban canto teñen á súa disposición.

Desta volta incideremos en determinadas obras, moi específicas, que adoitan ser moi útiles, tanto para estudiantes como para investigadores.

Temos adquirido para mellora dos nosos fondos, e como apoio á hemeroteca, dúas importantes obras de referencia como: a Enciclopedia Galega, de Hércules Edicións e os Anuarios de Difusora Internacional.

Consta de 27 tomos, luxosamente editados, nos cales se analizan diferentes aspectos de Galicia, realizados polos máis prestixiosos profesores e investigadores. A súa temática é moi variada e, ó longo de toda a obra estúdiase a historia, a arte e a xeografía de Galicia.

Dedícanse varios tomos a cada un destes temas, polo cal a análise va máis aló do corrente nunha enciclopedia temática.

Nos tomos dedicados á historia trátanse os aspectos políticos, sociais e económicos, desde a prehistoria ata os nosos tempos.

A parte dedicada á arte abrangue tódolos períodos históricos, cun soporte gráfico que é de salientar e resulta de moita axuda.

Varios dos tomos están dedicados á xeografía galega, analizando as comarcas, cunha visión de hoxe. Sobre todos eles destaca un tomo dedicado só á cartografía que estudia esta rama da xeografía desde os mapas máis antigos de Galicia ata os mapas realizados por vía satélite.

Por último, dicir que os tomos adquiridos recentemente están dedicados á antropoloxía e amósannos os usos e costumes de Galicia, as súas festas, gastronomías e tradicións.


ANUARIO DE DIFUSORA : Estes anuarios están formados por artigos recollidos nos medios de comunicación escritos máis prestixiosos do mundo. Teñen un carácter xeral e abranguen os acontecementos mundiais do último século.

Están organizados por áreas, ben diferenciadas, e estructurados como segue:

Protagonistas da historia: 4 tomos, os máis salientables personaxes desde a antigüedade ata hoxe. Os temas e os seus protagonistas : Dous tomos do ano 1988. Anuarios "de los hechos" : Feitos máis salientables, a nivel mundial, desde 1967 ata 1998.
Anuarios dos temas : Temas máis importantes ocorridos desde 1980 ata 1997. Anuario dos protagonistas : Persoas máis salientables e influintes entre os anos 1980 e 1997.

Nesta obra tamén se ofrece:

Décadas : Tomos (1900 - 1990), que nos presentan os acontecementos máis salientables do século.
Anuarios dos temas e os seus protagonistas : Dúas décadas en dosier e CDrom, cos principais personaxes e asuntos.
Índices xerais : Tamén en Cdrom, incluíndo todo o século desde 1898 a 1997, a nivel mundial.



Máis Servicios:

- SECRETARÍA
- CAFETERÍA
- SALÓN DE ACTOS
- SALA DE EXPOSICIÓNS
- SALA DE SOCIOS
- SALA DE XUNTANZAS

ARTIGO

Por Mª Xosé Leira Ambrós

A INTRODUCCIÓN DE ÁRBORES ORNAMENTAIS EN FERROL

A introducción de especies exóticas en Europa comeza co descubrimento de América, pero é ó longo dos séculos XVIII e XIX, cando ten unha meirande importancia para flora ornamental.

Ferrol, créase e desenvolvese, precisamente, nese intre, no cal a febre pola botánica apodérase do Vello Mundo e no que se organizan expedicións, fundamentalmente, desde Inglaterra, Francia e España, a América e a outros rincóns do planeta, dotadas duin ou máis botánicos e debuxantes que tiñan a única misión de estudiar, debuxar e introducir nos respectivos paises a flora que descubrían. Ademais, nos xardins botánicos, en pleno auxe, preocúpanse de ter conexións con expertos, nos distintos continentes, que lles envien exemplares de interese para o seu estudio científico.

Carlos III, que aproba a creación do novo Ferrol, en 1761, era un amante da botánica: non só criouvarias institucións para desenvolvela, senón, que foi máis prolífico en expedicións e descubrimentos botánicos.

Outro feito que puido favorece-la introducción de especies na comarca, é que de aquí sairon barcos que viaxaban a tódalas partes do mundo. Se ben, a súa finalidade non foi a das expedicións antes mencionadas, puido inflúi-lo arraigado que estaba o de traer plantas "raras" de tan lonxanos lugares e ser esta, asi, unha vía de entrada de especies. Sen embargo, os feitos semellan ser outros.



Influencia das especies ornamentais na paisaxe. Panorama do val de San Xurxo á altura de Papoi, onde vemos árbores exóticos. Cupressus macrocarpa, mesturados co monocultivo de eucaliptos.

A documentación atopada ata agora, por unha banda, non arroxa luz sobre as especies que se plantaron nos xardins durante o século XVIII, só mencionan álamos, e, aínda que probablemente, se utilice este nome para se referir a algunha outra, non queda dúbida de que a variedade arbórea debía ser cativa. Por outra banda, constátasen moi poucos exemplares chegados por mor das viaxes que facían os mariños: as magnolias comuns do Pase de Herrera, que proceden de Cuba, un cedro do Himalaia situado no Cantón que, posiblemente, chegou na Nautilus e dous cefalotexos drupáceos, un pe macho e outro femia, situados nun xardin privado, que trouxo un parente do propietario actual que viaxou a China.

A meirande parte dos exemplares antigos que hai nos xardins, foron mercados polo concello a viveiros, o que, en certo modo, explica o retraso da introducción de especies de xardin verbo de Europa e, en menor medida, verbo dos pazos galegos.

A magnolia común e a camelia introdúcense en Galicia a través dos pazos a finais do século XVIII ou principios do XIX, deberon selas primeiras en plantarse nesta zona. As magnolias máis antigas con plantación documentada datan de 1866, pero existe un exemplar en Xubia e outro no Cantón, cerca do paseo de Pablo Iglesias, que son máis antigas. A camelia chega desde China en 1739, introdúcese en Galicia probablemente polo Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, onde xa existían duascentas setenta e dúas variedades. Cítase Ferrol, en 1899, pero debeu de chegar moito antes, si temos en conta os exemplares do Ponto, que son moi antigos.

A paulonia, introdúcese en Europa en 1791, pero aquí non o fará ata 1895.

Outras tardarán moito máis, asi a araucaria de Chile, descuberta polos botánicos españois Ruiz e Pavón en Perú, en 1778, introdúcese en Ferrol, en 1980, a metasequoia, descuberta po T. Kan, en China, en 1941, introdúcese en 1995, incluso algunhas especies moi comuns e importantes en Galicia aínda non se plantaron nois nosos xardins públicos, como a Camelia reticulata, que está na nosa comunidade desde o século XIX e da cal no Pazo da Oca, puidera atoparse o exemplar máis antigo de Europa.

Durante o século XVIII e a primeira metade do XIX, etapa na cal está a desenvolverse a xardinería galega nos pazos, a variedade de flora ornamental aquí é cativa, limítase aespecies utilizadas en xardins medievais e árabes que eran autóctonas en Europa ou da área mediterránea, como álamos, boxe, mirto, sicómoros, loureiros, olivos, aligustres comuns e, quizais, algun cedro do Líbano ou atlántico, frecuentes nos xardins hispano-árabes.

Pese á tradición viaxeira na cal estaba inmersa a cidade tanto tempo atrás, esta non se beneficiou do pulo renovador que as expedicións provocaron na flora xardineira ata moito máis tarde. A eclosión da variedade florística ten dous grandes intres, un na segunda metade do século XIX e principios do XX coa introducción das araucarias de Norfolk, paulonias imperiais, cedros do Himalaia, tuias, tilos plateados, cordilineas, aligustres da China e a magnolia acuminada. O outro é arredor dos anos 90, cando se introducen especies como o metrosidero (1993, plantado moito antes en Pontedeume, one hai un exemplar cun desenrrolo considerable), o sagú de Xapón (1986), o ombú (1992), o ciprés dos pantanos (1993), o ginkgo, a árbore do coral, o calocedro, a secuoia xigante (da cal existe un magnífico exemplar no Pazo do Casal de Santa Marta de Babío) e distintas especies de arces e de magnmolias de folla caduca.

¡DON GÜILIAN

Por Xavier Alcalá

Era un día glorioso, invernal, alá polo mes de xullo. As pampas, infinitamente planas, mostraban o seu verdor prateado pola xeada. Sobre elas afloraban manchas escuras e quietas de gando, estancia tras estancia, poldreiro tras poldreiro, espacios divididos por paus e arames. Nas plataformas mínimas dos paus de límites, caranchos e chimangos, aves vixiantes, daban cara a un ventiño sutil, cortador de alentos.

Por veces xurdía a imaxe do vaqueiro, escarranchado na montura gorda, lanuda, coas rédeas apenas pousadas na man, transmitindo a tensión necesaria para o pingo galopeiro non se lle ir da boca.

O pick-up, de roda grande e cabina elevada, navegaba polo camiño de pedregullo aborrecidamente, sempre nunha recta... ata que a vista dos pasaxeiros se alegrou coa alameda de entrada á estancia de Santa Leocadia fundada no 1813 en terras fronteirizas, alén da liña de fortíns que protexía os colonos contra os constantes ataques dos indios ladróns de vacas, ovellas e canto puidesen converter en "vicios" augardente, azucre, mate, prata e armas.

Altas e delgadas as casuarinas da alameda, formando corredor vexetal conducían a expedición rodada cara ao casco da estancia cando os ollos dos expedicionarios "ao campo" foron dar cun personaxe esperado:

Velaí o don Güilian anunciou o conductor e dono daqueles extensos pagos.

O tal Güilian William deturpado á española era un tipo fino de formas, vestido con pucha basca, zamarra de groso pano, bombachas e botas de coiro brando. Quizais horas infinitas de cabalgar déranlle unha curvatura esaxerada ás pernas longas, que suxerían unha parêntese gráfica.

Acompañábano dous grandes dogos arxentinos, branquizos de capa e feroces de comportamento, que se lanzaron contra o vehículo e só se acalmaron cando o amo puxo pé en terra.

Good morning, sir foi o saúdo de don Güilian, cun doce sorriso de ollos azuis entre enrugas profundas.

Good morning, Willie repondeu o patrón, acariñando os cancerbeiros ciumentos, lambedores. E a seguir xa presentaba os visitantes, cunha advertencia: All of these gentlemen speak English.

Que aqueles cabaleiros falasen inglés debeulle parecer un alivio a don Güilian, porque alá, no máis fondo da provincia de Buenos Aires, poucas ocasións debería ter de expresarse no seu idioma natural. Os tempos da British Community pasaran. Os fillos dos patróns ingleses acrioulāranse ou emigraran. Os poucos que ficaban, falaban coma a xente do campo; pero os máis deles emigraran á Gran Bretaña dos seus pasaportes, se non se foran aos Estados Unidos, todos fuxindo do desastre dun país que non levanta a débeda externa que se lle fai eterna, sempre adubiada coa inflación tola e os cambios de moeda nacional.

Willie era o mordomo de Santa Leocadia aínda que non o debería ser pola idade; pero a soidade, e o non ter a onde ir salvo a dar cos ósos no cemiterio máis próximo naquel mar de terra facían que se mantivese nas súas funcións.

De feito, despachou co patrón os negocios da casa e acompañouno cos hóspedes ao asado do xantar. A súa conversa era unha delicia: vivía prendido da BBC e sabía o mundo por onda curta, de memoria e ao seu xeito. Estaba convencido de que Inglaterra seguía mandando nos Sete Mares, e que agora gobernaba con desprezo unha imposible Unión Europea. A guerra

das Malvinas facíalle baixar a voz, falar dela con asordinada fachenda.

William Foster aparecera na Arxentina polos anos 30, logo de se retirar do exército imperial da India con grao de sarxento; e tivera un doado vivir co pai do actual dono de Santa Leocadia. Gozara tempos de "tirar la manteca al techo", como din os arxentinos e el citaba na lingua da república austral. Non lle quedara máis remorso que o de ter permitido escapar unha miss, educadora dos fillos da familia de Santa Leocadia, que se deixou querer pero á que el non fixera caso porque aclarou era demasiado fraca, escuálida.

E fora pena, porque poderían ter formado familia, e feito negocios de campo que lles permitisen enviar remesas a algún banco da City londinense e ir de visita á Gran Bretaña de cando en cando, a mirar o estado da conta e saudar os parentes...

Coñecida a afección dos visitantes polos cabalos, don Güilian, no seu castelán patético que confundía os xéneros das cousas, mandou os peóns de corte prepararen uns espléndidos exemplares de sela para os convidados e un puro sangue "mansito" para o patrón. A el trouxéronlle un crioulo gordísimo, con montura de "recado" pampeano; e a tropa saiu a ver o estado da facenda.

Don Güilian era un gaucho loiro e alto, raro pero xa máis gaucho cós pastos onde pacían infinitos exemplares de vacún paticurto e lustroso. O vellote marcaba rumbo, abría os portóns a cabalo e explicaba a situación do que viamos.

Dunha vez que se adiantou moito, un visitante comentou con sorna sobre a historia da institutriz á que o mordomo non fixera caso en materia de casamento, e o patrón retrucou:

O Willie tenvos outros gustos. Sempre deveceu pola gordura. Xa veredes...

De recollida, cando o sol en declinio douraba a chaira, sentáronse anfitrión e hóspedes xunto da lareira do salón ornamentado de trofeos de caza e guerra, e o mordomo mandou vir unha mucama co mate para cebar.

Presentouse unha muller moza, corentona, "china" de ollos riscados polos restos de indio que aínda quedan despois de tanta batalla cos cristiáns. Era linda de rostro e ampulosa de formas, mal ocultas en roupas castísimas, invernais.

Serviu cabaciña con base de prata, "bombita" prateada e herba; coa pava de auga quente cebou a primeira rolda... e retirouse, tan sixilosa como entrara.

Daquela, o patrón dirixiuse ao don Güilian:

Willie, esta Sarita está cada día máis chea.

Ao que o inglés acrioulado, encollendo de ombros, respondeu:

Who wants to go to bed with a sack of bones?

Un sorriso comprensivo encheu os rostros dos que o escoitaran. Porque, certamente: ¿a que varón lle gusta deitarse cun saco de ósos?

A magreza está pelexada co amor, e hai homes que aínda queren gozar de todo na ancianidade. Don Güilian, que oxalá siga vivo xunto da súa Sarita, parecía un deles.


XENTES

Por Xosé Antonio Ponte Far

Alberti e Novoneyra: Poesía e compromiso

Os dous foron grandes dentro da Poesía, que está máis alá de linguas e de gramáticas. Os dous manifestáronse como voces rexas e indomables. Os dous sentiron as verdades con forza e as inxustizas con rabia. A ámbolos dous levounos o mesmo vento outonal deste ano que pecha un século.

Tanto Rafael Alberti como Uxío Novoneyra coinciden na visión comprometida diante dun mundo inxusto coma o noso. Eles souberon moi pronto que hai que tomar partido pola causa dos máis desfavorecidos, dos que non teñen voz para defenderse nin recursos para sobrevivir ás





Inxustizas. Alberti escribirá unha poesía rexa , áspera, de tono incisivo e redundante, pero que pretende ser eficaz e influínte: son os tempos entusiastas da II República e, despois, os dramáticos anos da Guerra Civil. Por riba da sutileza e da calidade poética, Rafael Alberti busca a defensa duns ideais e a eficacia duns programas políticos. A ética sitúase diante da estética.


Uxío Novoneyra, o poeta do Courel, leva o sentido do compromiso tan profundamente arraigado coma a identidade da súa terra. As raíces labregas de Novoneyra fan que o poeta non perda de vista nunca ó home nin ós seus semellantes, xente sufrida e asoballada pola indiferencia dos demais, cando non por abusos directos e humillantes. Por iso, toda a súa poesía amosa ese compromiso coa súa terra e coa súa xente. En cada un dos seus versos, aínda nos máis inocentes e obxectivos, agóchase sempre unha nota de crítica social, de reflexión política e de solidariedade humana. E non falta tampouco ese desengano existencial, que reduce as ambicións humanas ó seu punto de insignificancia. Cando o poeta escribe algo tan descritivo e externo como: "Neva no bico do cume / neva xa pola ladeira / neva no teito da eira", hai por debaixo dos versos unha alusión implícita ó frío da soidade e ó illamento dos labregos, á dureza da vida dos homes e mulleres dos altos cumes do Courel. É dicir, fale do que fale, na poesía de Novoneyra latexa un fondo aceno humano debaixo desa austeridade expresiva, que é unha das notas máis definitorias do seu estilo poético.

Uxío e Rafael, poetas coincidentes na súa visión do mundo e da vida, aínda que distintos na forma poética de expresalo, quedarán na memoria dos seus lectores que encontraron neles unha calidade literaria moi alta e unha forma honrada de entende-la vida.

IMAXE

Por Xosé Lois "Carrabouxo"





SOLIDARIEDADE

¿ QUE É MÉDICOS DO MUNDO ?

Médicos do Mundo é unha Organización Non Gobermamental (ONG) de acción humanitaria e cooperación para o desenvolvemento, sen filiación política ou relixiosa, que ten como obxectivo principal axudar ós afectados polas guerras, a enfermidade, a fame e a miseria, aíi onde sexa necesario.

En Médicos do Mundo traballamos e colaboramos non só profesionais da sanidade, senón outras moitas persoas que fan do altruísmo e da solidariedade unha parte das súas vidas.

Médicos do Mundo actúa en catro frontes:

EMERXENCIAS: aténdese, coida e apoia con carácter de urxencia ás persoas daquelas rexións afectadas, de xeito transitorio e repentino, pola guerra, enfermidades e catátrofes naturais.



ACCIÓN HUMANITARIA: Médicos do Mundo actúa con proxectos de cooperación ó desenvolvemento e integración a longo prazo nas estructuras básicas das rexións.

CUARTO MUNDO: Neste ámbito, a organización traballa con poboación excluída da nosa sociedade, desenvolvendo programas como os dos Centros de Atención Socio-Sanitaria a Inmigrantes (CASSIM), traballando desde as Unidades Móbiles de educación para a saúde e prevención da SIDA, con drogodependentes e persoas que exercen a prostitución, en 11 cidades da xeografía española.



SENSIBILIZACIÓN: Dirixida á opinión pública, informando, educando e sensibilizando sobre os problemas do mundo.

En Galicia, Médicos do Mundo desenvolve un Programa de Educación para a Saúde con intercambio de xeringas e oferta de preservativos, a través dunha Unidade Móbil, traballando nas prinicipais cidades galegas.

O traballo realizado por Médicos do Mundo foi recoñecido oficialmente cos seguintes galardóns:

Gran Cruz da Orde Civil da Sanidade 1996
Premio León Felipe 1997 á Solidariedade

CUARTO MUNDO : O SUL DO NORDE

15 de novembro, Día contra a Exclusión Social

por Nora Candanedo Otero
Delegada de Médicos do Mundo en Galicia

Cada ano o 15 de novembro "celébrase" o DÍA CONTRA A EXCLUSIÓN SOCIAL.

Esta data non fai máis que lembrar á sociedade que "tódolos seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos", como dicta a Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU.

Nos países desenvolvidos, onde o pulo económico fai de motor para o chamado estado de benestar, colectivos cada vez meirandes quedan excluídos e á marxe dese benestar en tódolos ámbitos sociais. Millóns de seres humanos ás portas do século XXI e no intre no que as naves espaciais circulan xenerosamente pola terra, vense obrigados a fuxir das súas terras natais, concentrándose nas fronteiras das nacións veciñas ou alén das súas marxes co único desexo de "vivir" eles e as súas familias coa dignidade á que aspira todo ser humano.

Outros moitos millóns de persoas no mundo desprázanse abandonando a súa rexión, aínda que permanecendo no seu país. E tamén eles molestan ós nosos ollos, facendo que os arredemos de nós con absoluta indiferencia.

Outras veces son os países do Norte, coas súas diferencias, os que exclúen ós do Sur, dos avances tecnolóxicos e do desenvolvemento, das relacións políticas e económicas.

Como escribira Beverly Birch, moitas veces o racismo descúbrese no vocabulario empregado pola xente, explícito, extremado e, ás veces, ofensivo. Outras, a influencia da discriminación adopta actitudes de meirande sutileza. Así, as imaxes, os libros, os xoguetes, as reportaxes da radio e TV poden trazar liñas sobre o que é normal ou anormal. Ás veces, na literatura infantil aparecen frases como "vestidos estraños", "comida rara", "folclore distinto" ou caracteres raciais "infrecuentes", que poden representar suxerencias sobre canto é aceptable ou desexable.

Ademais, as formas coas que se pretende, ás veces, facilita-la información en canto á capacidade desigual de cada pobo para o desenvolvemento e a civilización, aínda que a priori non teñan unha intencionalidade racista, poden reforzar esa imaxe de atraso ou primitivismo, e suxerir unha incapacidade permanente para poñerse ó día, atribuíndo eso mesmo a xentes doutros países, cando se lles atopa no noso propio país.

Outras veces, a linguaxe de apariencia inocente como "minorías étnicas", "fillos de emigrantes"... sutilmente aplicado a grupos que non teñen a plenitude de dereitos no seu lugar, invita a actitudes de marxinación e exclusión.

Troquemos pois estas formas de expresión, propugnemos que un inmigrante nunca sexa ilegal, adoptemos definitivamente o termo "inmigrante en situación irregular", e estaremos loitando contra unha forma de exclusión. Sensibilicémos á sociedade para cambiar valores e, polo tanto, opinións, que fagan posible, en definitiva, a modificación de determinadas leis.

Os desastrosos acontecementos ocorridos en Centroamérica ,últimos meses do 99, volcaron a xenerosidade dos nosos corazóns e os nosos ollos miraron con afecto a Honduras, El Salvador, Nicaragua e Guatemala, pero outras veces a nosa mirada xira cara outro lado ó atoparse coa presencia do sufrimento cotián e non somos quen, nas nosas propias cidades, de garantir unhas condicións de vida que fagan esa vida máis próxima á nosa.

Como escribiu o antropólogo Dr. Ashley Montagu, "a mestura de grupos étnicos constitúe un dos meirandes poderes creativos no progreso da humanidade".

Teñámolo en conta

Médicos do Mundo desenvolve unha campaña de sensibilización á poboación desde o pasado ano, co lema "CAMBIA-LO TERMO ILEGAL ÓS INMIGRANTES". Ningún ser humano debe leva-lo adxectivo de ILEGAL ás súas costas, fomentando con esta Campaña, desde a nosa Organización, o uso de "INMIGRANTE EN SITUACIÓN IRREGULAR" con especial énfase na prensa, radio e televisión.

Uns 841 millóns de persoas no mundo non están ben nutridas
1200 millóns carecen de acceso á auga potable
1600 millóns son analfabetas
2000 millóns non teñen acceso á electricidade

MANOS UNIDAS

No ano 1956, a FAO, denuncia as condicións de extrema pobreza e as "hambrunas" que asolan a unha serie de paises. A Unión Mundial de Organizacións Femininas de Acción Católica (UMOFC) recolle este chamamento e declara a guerra á Fame que padecen os dous tercios da Humanidade.

As mulleres de Acción Católica Española realizaron a súa primeira Campaña contra a Fame. Máis adiante modifícase a súa denominación pasando a chamarse Manos Unidas-Comité Católico da Campaña contra a Fame no Mundo, e a partir do ano 1981, pasa a chamarse Manos Unidas.

En Ferrol, coma no resto de España, comezase a traballar, en 1960, sendo bispo da Diócese de Mondoñedo, don Jacinto Argaya Goicoechea.

María Fortuna Paz Mauriz, foi a súa primeira delegada. Traballabase, sobre todo, en colexios e parroquias, dando a coñece-la Campaña, a traves de charlas, conccursos, etc.. A seguinte delegada foi Josefina González (mestra de instituto). Máis tarde, María del Carmen Sánchez. Sucedeulle no cargo Rosa Paris, quen organizou festivais, ceas de solidariedade, stand na Feira de Mostras, concertos, etc.

Na actualidade a presidenta-delegada é Carmen Rico Cortés cun grupo de quince voluntarios, entre os que se atopan persoas que levan traballando para Manos Unidas máis de 25 anos, como Josefina González, Rosario Barbeito ou Manoly Villarnovo.

MANOS UNIDAS, é unha organización non gubernamental para o desenvolvemento, católica e de voluntarios.

MANOS UNIDAS, carece de ánimo de lucro, posúe autonomía e independencia dos gobernos, e é cauce de solidaridade e participación social.

MANOS UNIDAS, é unha organización que traballa no edio da cooperación para o desenvolvemento.

MANOS UNIDAS, como católica apoiase na Doctrina Social da Igrexa.

MANOS UNIDAS, é unha organización de voluntarios, na convicción da necesidade da participación de todos na construcción dun mundo máis xusto.

DO 40 ANIVERSARIO

Conmemoramos este ano a andadura de 40 anos da nosa organización. Durante este tempo Manos Unidas, levou a cabo un importante traballo na realización de proxectos de desenvolvemento en África, Asia, América Latina e Oceanía. A pesar disto, os últimos informes da Nacións Unidas denuncian que a situación mundial empeorou, e moito, ó longo destes anos.

Diante deste panorama, conmemoramos os 40 anos sen ningún triunfalismo (o cal non nos parecería ético nin coherente), pero si como unha ocasión para celebra-lo encontro con moitos grupos e comunidades do Sul, a testemuña de moitas mulleres e homes que fixeron posible Manos Unidas e o compromiso renovado do traballo pola xustiza. Coidamos que, é necesario mante-la loita contra as inxustas e desnhumanizadoras consecuencias da globalización que revelan os datos oficiais. Estamos certos que, son moitas as iniciativas que todos podemos facer para intentar que a brecha da desigualdade desapareza. Como organización da Igrexa, aliméntanos a esperanza prometida dun Reino de Deus, de xustiza e paz para tódolos que queremos ir facéndo realidade neste mundo.

O longo destes 40 anos a organización foi poñéndose ó día nas liñas máis eficaces de cooperación. Na actualidade, e desde hai xa tempo, xunto co traballo de apoio ós proxectos de desenvolvemento que xurden da propia xente do Sul, promovemos campañas dirixidas, especialmente, á sensibilización da sociedade española. Coñecendo os datos de Nacións Unidas, non é dificil adiviñar o porqué: si temos que vivir inmersos na globalización, é evidente que os problemas do Sul son tamén os nosos problemas. Nisto participamos directamente os paises do Norte, a traves das nosas políticas e da economía. E tamén, cada un de nós, cos nosos valores e comportamentos cotiáns axudamos, ou non, á construcción dun mundo máis xusto para todos.

Hoxe, queremos conmemorar, pois, o esforzo constante de todos aqueles que fixeron posible a tarefa de Manos Unidas, ó tempo que reflexionamos xuntos sobre as consideracións éticas das relacións entre o Norte e o Sul e tentamos difundi-la coherencia e a crítica constructiva sobre asuntos nos que estamos todos implicados, aínda que moitos non sexan conscentes do mesmo.

Para rematar, non podemos deixar de expresa-la nosa esperanza de que, no futuro, non sexamos necesarios. Ogallá chegue o día no cal a razón do existir de Manos Unidas desapareza definitivamente. Ese día non celebraremos un aniversario, senón unha gran festa de fraternidade.

OUTRAS ENTIDADES

Aceptando con gratitude a invitación do Ateneo Ferrolán a participar na edición da súa revista **ATENEA**, a "Unión de Radioaficionados Españoles", desde a súa Sección en Ferrol, asómase a esta páxina como unha asociación cultural máis para aportar o seu gran de area.

Vimos de celebrar este ano o noso cincuenta aniversario e, desta vez o organismo responsable de Correos tivo a deferencia de poñer en circulación un selo cun valor de 75 pesetas para conmemora-la efemérides, un detalle que serve de recoñecemento ó labor, xeralmente calado, a nivel popular, do noso mundo de radioafeccionados.

Este labor, en síntese, poderiamos desglosalo en dúas facetas, a primeira delas, sen dúbida, é a humanitaria, levada a cabo desde os comezos da radio en tódolos países e mares do mundo, un labor que , en todo momento, serviu de apoio ás organizacións oficiais que, en boa lóxica, non dispoñían da cobertura que a todas horas temos os centos de miles de afeccionados do mundo.

Quizais debera de facer, agora, algunha mención para recoñece-lo labor dos nosos colegas nas ONG, en países con grandes carencias en cobertura técnica, ós misioneiros, ós que tantas vidas salvaron coas súas búsquedas e entregas internacionais de medicamentos, e como non, nas grandes catástrofes e guerras.

A outra faceta, específica da Asociación, a cultural, debera de ter, aquí tamén o seu recoñecemento, na medida do posible. _Temos a satisfación de que gran cantidade de asociacións e institutos contan coa nosa colaboración. Para isto ofrecémoslle un abano de posibles actividades, coloquios e cursillos cun amplo temario que abrangue todo o relacionado coas comunicacións e que impartimos no noso local social, por suposto, de xeito altruísta.

A outro nivel, abranguendo un horizonte máis amplo, grandes, medianos e pequenos especialistas en comunicacións tivemos no noso entorno que dan renda libre ás súas ideas, estudios, prácticas e experiencias cos transmisores, receptores, fontes, amplificadores, acopladores, antenas, etc, que serviron de base, en moitos casos, a montaxes comerciais e, en todo caso, aí temos as estanterías das librerías e bibliotecas con grande diversidade de publicacións e revistas (incluída a mensual da nosa Asociación, cunha tirada de 19000 exemplares) para que, a tódolos niveis, poidamos curiosear, entretermos, estudiar e aprender tantas cousas do mundo dos radioafeccionados e do desenvolvemento das comunicacións.

Por todo o devandito e o que non pode abranguer este artigo, na nosa Asociación témo-la satisfación de ter recibido, no ano 1957, a declaración de "Utilidade Pública", concedida polo Consello de Ministros e que, consideramos a meirande distinción que pode outorgarse a unha asociación, polo que conleva de obriga, en dereitos e deberes de responsabilidade.

Fóra desas actividades, en certo modo compartidas, quédannos os nosos momentos de relax, no cuarto da radio, co micrófono ou o manipulador na man para gozar e saborear o compañerismo de tantos e tantos colegas cos que chegas a facer, en moitos casos, fortes e boas amistades e, e noutros, a satisfacción dunha pequena charla, pola importancia do corresponsal ou da súa estación. Cabe salientar aquí ós astronautas da MIR, ós diferentes vos do Discovery, ás diferentes estacións da Antártida, ó desaparecido Hussein de Jordania e, sen saír das nosas fronteiras, ó Radioafeccionado e Presidente de Honra da nosa Asociación, a súa Maxestade o Rei D. Juan Carlos I.

Sirvan estas liñas para, en primeiro lugar, desexarlle á revista **ATENEA** un futuro cheo de satisfacións e, en segundo lugar, facer un chamamento a aqueles mozos que andan na procura dunha actividade sa e chea de amigos, para poñernos a disposición dos que desexen calquera tipo de información ou colaboración na materia das comunicacións da Unión de Radioaficionados Españoles de Ferrolterra, con local social na **rúa, Pedro Carvajal s/n Caranza- 15406 Ferrol.**

Carlos Aneiros Lorenzo
Presidente da U.R.E.F.

CLUB DE MONTAÑA



Eran aqueles tempos que os fundadores do Ateneo coñecen tan ben, onde tocaban cambios neste país. O ano 74, a finais,o 18 de outubro, nacía unha entidade deportiva que sería o CLUB DE MONTAÑA FERROL.

O seu primeiro presidente, Gerardo García Pardo, apoiado por outros membros da primeira Xunta Directiva, no "Callejón de las Huertas", empezaron a facer excursións e saídas a coñecer Galicia. Seguro que daquela non pensaron que 25 anos despois esta entidade seguiría con bo pulso, e ascendendo todo o que se lle puxera por diante.

Despois pasaron pola presidencia Ramón Labisbal, Angel Folgar e desde fai dous anos o que esto asina.

O montañismo evolucionou, e con el o propio Club, e así chegamos ós 25 anos no camiño, que lles queda a todo este tipo de asociacións que é basicamente o de a organizacións de actividades ó aire libre, e sempre cun contido de promoción física do individuo. Atrás quedaron os días nos que o club era unha entidade de carácter xuvenil de tempo libre, espacio que ocupan hoxe en día outras entidades.

Así pois, a escalada comezou a ser un obxectivo de moitos dos deportistas que forman o club. Isto deu lugar, a principios deste ano, a que se chegue a contar cunha instalación municipal para esta modalidade: o Rocódromo da Malata. Hai compañeiros que hai que destacar neste deporte, sobre todo nos seus principios, en concreto a José Seco, co cal comezaron a escalar case o cen por cen de Ferrol, e os irmáns Casal, finados por un accidente de tráfico cando xa escomezaban a facer escaladas de sona como as do HOGGAR, no Sahara.

A alta montaña, o Alpinismo, convértese nun polo central de actividade, os catromiles dos Alpes comezan a ser cotas apreciadas polos montañeiros ferroláns, conseguindo o Mont-Blanc, en agosto do 88, moitos dos percorridos polos Alpes, así como polo Gran Atlas Marroquino.

Pero isto non quere dicir que se deixen fóra os aspectos primarios do deporte. Así, o senderismo, gaña adeptos, chegando a facer este ano unha saída por mes, pero non só facendo actividades senón axudando a marcalos (Convenio co concello de Neda polo PRG16) e o PRG"· e o PRG6 no concello de Ferrol. En novembro entregouse un cobizoso plan á Asociación EuroEume para desenvolver máis de 20 sendeiros na zona do Eume.

No capítulo da natureza cabe salienta-lo acordo de colaboración asinado coa Sociedade Galega de Historia Natural, así como esa distinción do premio "Voz-Medioambiente 1999". No eido educativo tamén cabe destaca-las diversas colaboracións mantidas co Centro de Formación do Profesorado, así como co Ministerio de Xustiza, acollendo obxectores de Conciencia.

En canto á infraestructura, cabe lembrar que o club mercou un piso na rúa da Coruña, no ano 90, que ademais dos servicios administrativos ten unha biblioteca, un servicio cartográfico e unha sa de usos múltiples. Pero tamén temos un refuxio en Brión, cedido pola Armada, asi como outro conveniado nos montes máis altos de Galicia, en Pena Trevinca, onde o nome de Ferrol destaca no rueiro máis alto daquela zona.

A presencia nos medios de comunicación é intensa, con espacios fixos tanto no Diario de Ferrol, como en COPE-Ferrol e colaboracións específicas en moitos outros.

Por último cabe salientar dúas iniciativas. Unha cumpriu este ano a súa décima edición: A Batalla de Brión, unha data esquecida que pouco a pouco se foi recuperando tocando o ano que vén o 200 aniversario, e coa esperanza de que xa non se perda nunca máis para gloria de todo o pobo de Ferrol, un acto heróico como foi aquel.

Por outra banda cabe salientar unha primeira saída que se fixo este ano: Ferrol San Andrés 50 km. a pé. Cando desde a propia organización dabamos por bo 30 participantes, o día anterior pechabamos con máis de 100 completamente desbordados. ¡E remataron case todos!.

Todo isto fai que pensemos decididamente, non só que o club segue a estar vivo, senón que ademais camiña aínda cunha xuventude que lle desexamos a tódalas entidades ferrolás.

Xan Ramírez
Presidente

ENTREVISTA

Por Beatriz Picos

Fiadeiro musical

Os extremos tócanse, o ying e o yang... Julie Guravich e Claudia Campos.

Ferrol e o Ateneo foron os fíos conductores que permitiron confluír a dúas mulleres apaixonadas polo que fan e que proceden de dous extremos do mundo : a canadiana Julie Guravich e a brasileira Claudia Campos. Elas viñeron de lonxe, do frío e do calor húmido, pero son máis as claves que as unen que as que as separan, comezando polo teatro. Ambas pisaron os escenarios, Julie xa de pequena, e Claudia veu a Santiago para traballar na escea. Os camiños persoais e os da música son insondables e conflúen, neste caso, en Ferrol, xunto con outras dúas mulleres, Paloma Suanzes e María Manuela. As catro son protagonistas dos Fiadeiros Musicais do Ateneo Ferrolán. Julie e Claudia non se coñecían persoalmente, pero a penas catro palabras foron dabondo para conectar cunha única realidade, a música e un único xeito de entendela, universal.

Unha linguaxe de acordes que todos podemos entender, dende a paixón desenfreada que esixen os ritmos brasileiros ata o corazón partido que sae polas comisuras dos beizos dunha intérprete de jazz. Elas falan de cancións redondas, que son as que sobreviven ó paso do tempo, das modas e dos homes, porque cando están enriba do escenario a prioridade é comunicar.

Coma un berro que sae das entrañas, fan da linguaxe musical unha expresión sen fronteiras, porque "a forma sen contido é unha caricatura, e un contido sen forma é inservible". Saben que o concepto, coma as teorías teatrais, á hora de actuar non vale de nada. Por eso seguen a vivir arriscadamente cada novo día de actuación, sen saber como vai a se-la resposta do público, improvisando sobre o mil veces estudiado e aprendendo.

Os discos e os compactos non as traen de cabeza, porque prefiren a calor do público, aínda que nunca está de máis o éxito que aseguran algunhas discográficas. Mentres lles chega a hora da fama fóra de portas, estas dúas mulleres, profesoras de profesión inicial (unha de inglés e outra de portugués) prodíganse polos pequenos locais onde a xente deixa de ter caras sen nome.



Claudia segue a ter frío porque di ser alérxica á falta de sol. Coma unha cebola, capa baixo capa, abriga as carnes para escorrenta-lo inverno, pero o peor son os pes. Bos consellos lle da Julie, que escapou do frío de Otawa (38 graos baixo cero) e da pa para qiuta-l a neve cada vez que quería saír da casa.
Elas gozan vivíndo en Ferrol e nós desexamos, egoístamente, que o sigan a facer durante moitos anos porque é un verdadeiro privilexio ter estas voces tan a carón. Noraboa.

FALAMOS DE...

CONCERTO: TAMBORES LEJANOS - CUBA




TEMA, NO TEMA:
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA
JORGE MEIS, VARI CARAMÉS
OVIDIO ALDEGUNDE E LUIS BOTANA





FIADEIRO: JULIE GURAVICH QUARTET

CONCERTO: TAMBORES LEJANOS - CUBA





FIADEIRO: MARÍA MANUELA

FIADEIRO: PALOMA SUANZES



FIADEIRO: PABLO SEOANE






OBRADOIRO INFANTIL: ANIMACIÓN Á LECTURA

FIADEIRO: CLAUDIA CAMPOS



CAFETERÍA ATENEO







OBRADOIRO DE PINTURA

ARTIGO

O Ateneo Ferrolán, en sesión plenaria da Xunta Directiva, do pasado 30 de novembro, ACORDOU:

1.- Proceder á abertura dunha conta bancaria na Entidade Caixa-Galicia co fin exclusivo de recadar aportacións de donativos de Entidades, Empresas e particulares dirixidos á RESTAURACIÓN DO TEATRO JOFRE, destino que é necesario así conste, no subtítulo da devandita conta.

2.- O ATENEO FERROLÁN fai un chamamento a tódalas Entidades Culturais, Veciñais, Asociacións, Sociedades, Entes de carácter público, privado ou institucional e outras para que se sumen a esta iniciativa, realizando xuntanzas cara á procura dun proxecto común e solidario de toda a comunidade da comarca.


3.- Esta Conta, de carácter eminentemente popular e social, estará aberta a tódolos cidadáns de Ferrol e Comarca que queiran contribuír, na medida das súas posibilidades, á recuperación dun dos espacios culturais máis emblemáticos da cidade.

4.- Os fondos recadados con esta subscrición popular poñeranse a disposición do Concello de Ferrol, como titular do Teatro, para a realización do Proxecto de Restauración redactado e, en función da súa cuantía, será aplicado, ben como axuda de obras e equipamento, para complementa-las aportacións presupostarias, ben para cubrir con ela unha restauración, equipo ou instalación concreta que terá a referencia específica

A primeira consecuencia deste Acordo foi a apertura na CAIXA-GALICIA da Conta número:



ATENEO FERROLÁN
Rúa Madalena, 202
2091 0200 08 3040113934
RESTAURACIÓN do TEATRO JOFRE
15402- FERROL



En segundo lugar o ATENEO convocou ás Entidades Culturais e Veciñais de FERROL, o pasado 16 de decembro, para comunicarlles esta iniciativa e propoñerlles o artellamento, entre todos, de accións e mobilizacións conducentes a urxir ás Administracións responsables, para que aceleren todo o posible a execución das obras necesarias para a citada Restauración.

Froito desta primeira xuntanza foi o Acordo de manter un calendario de reunións, invitando a tódalas entidades interesadas para unha próxima xuntanza, a celebrar a mediados de xaneiro, así como encetar un proceso de actividades de todo tipo, cara á sensibilización da cidadanía, convocando unha segunda xuntanza de entidades :

* Actividades na rúa, no entorno do Teatro Jofre
* Actos culturais e lúdicos para a recadación de fondos
* Propostas de dedicación dos diferentes espectáculos futuros, a celebrar polas diferentes entidades, á RECUPERACIÓN DO TEATRO JOFRE.
* Dedicar unha porcentaxe da recadación destes espectáculos para a RESTAURACIÓN
* Outras varias que se poidan ir propoñendo nas diferentes e futuras xuntanzas

ENTIDADES, SOCIEDADES, EMPRESAS, CIDADÁNS
Tódalas aportacións son válidas, grandes ou pequenas, contribuirán á
RESTAURACIÓN DO TEATRO JOFRE
UN ESPACIO para TODOS
para o desenvolvemento e disfrute da CULTURA
SE QUEREMOS PODEMOS

PROGRAMACIÓN

Xaneiro - Marzo 2000

Xaneiro

venres 14 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Pintura:
María Manuela, Cerito e Dulce Anca
do venres 14 ó martes 25

martes 18 (20.30 h.)

Presentación do Caderno Nº 14 do Ateneo
ROSA Mª G. DE-CAL Y CORTINA
" Memoria parlamentaria de
D. JOSE ALONSO LOPEZ ..... "

venres 21 (20.30 h.)

Presentación do libro de
SABELA ARIAS
" Píntome de cores "

mércores 26 (20.30 h.)

SEMANA da NON VIOLENCIA

CINE :" Senderos de gloria "



xoves 27 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Pintura:
Alumnos do curso do Ateneo Ferrolán
Profesora : María Manuela
do xoves 27 ó martes 8 de febreiro

venres 28 (20.30 h.)

SEMANA da NON VIOLENCIA

"2000 POLA PAZ - palabra solidária"
Recital de Poesía

sábado 29 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

sábado 29 (20 horas)

FIADEIRO MUSICAL
EN CONCERTO :
B. J. JAIBER (ROCK)

Febreiro

mércores 2 (20 horas)

SEMANA da NON VIOLENCIA

CINE :" El gran dictador "



Xoves 3 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
Teatro ANCORA PRODUCIÓNS
con "Anatomía dun hipocondríaco"
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"



Sábado 5 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL:
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

mércores 9 (20 horas)

CICLO de CINE SOCIAL
Tertulia
CINE :" La estrategia del caracol"



xoves 10 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
Teatro AMISTAD de Sta. Mariña
con " O inocente sexólogo "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"

venres 11 (20.30 h.)

Inauguración Exposición
25 º Aniversario do
CLUB de MONTAÑA
do venres 11 ó martes 22

sábado 12 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

sábado 12 (20 horas)

FIADEIRO MUSICAL
EN CONCERTO :
CACHIMONIA FOLK

mércores 16 (20,30 h.)

CICLO de CINE SOCIAL
CINE :" Smoke "



xoves 17 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
Teatro CAROZA con
"¡Oh! (¿Qué facer cando non sei quen son?)"
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"

venres 18 (20.30 h.)

Conferencia:
" A TV DIXITAL EN FERROL "
Por : SARA DOBARRO
Licenciada en Dereito e Economóa

sábado 19 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL:
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

mércores 23 (20,30 h.)

CICLO de CINE SOCIAL

CINE :" El inglés que subió a una
colina y bajó una montaña"



xoves 24 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
UVEGA TEATRO
con " A señorita Xulia "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"

venres 25 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Pintura:
AMELIA MILLAN OCAMPO (Madrid)
do venres 25 ó venres 10 de marzo

sábado 26 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL:
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

sábado 26 (20 horas)

FIADEIRO MUSICAL
CONCERTO :
ENTRE PARÉNTESIS (POP)

martes 29 (20.30 h.)

Conferencia:
"A SOCIEDADE MEDIÁTICA"
Por : FERMIN BOUZA
Sociólogo Universidade de Madrid

Marzo

mércores 1 (20 horas)

CICLO de CINE SOCIAL
CINE :" Caballos salvajes "

xoves 2 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
Teatro do ATLÁNTICO
con " O cerco de Leningrado "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"

sábado 4 11 horas

OBRADOIRO INFANTIL
MANUALIDADES
Monitor : Víctor Feijoo Revilla

xoves 9 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
FRIDOM SPIK
con " Por qué Jimmy Hendrix tamén comía cachelos "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"



sábado 11 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL
TEATRO INFANTIL
Profesora : Anxeles Rodríguez Montero

sábado 11 (20 horas)

FIADEIRO MUSICAL
CONCERTO
CHICULATE (FOLK)

luns 13 (20.30 h.)

Inauguración da Exposición :
"AS MULLERES NO SÉCULO XX"
Consellería de Familia e Muller
do luns 13 ó xoves 23



xoves 16 (20.30 h.)


XOVES TEATRAIS
TALÍA TEATRO
con " Soños dun seductor "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"

Sábado 18 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL
TEATRO INFANTIL
Profesora : Anxeles Rodríguez Montero

Xoves 23 (20.30 h.)

XOVES TEATRAIS
BALEA BRANCA
con " O CONTRABAIXO "
Lugar: Auditorio municipal
"Torrente Ballester"



Venres 24 (20.30 h.)

Inauguración Exposición de Pintura:
de NATALIA LEMA
do venres 24 ó martes 4 de abril

sábado 25 (11 horas)

OBRADOIRO INFANTIL:
TEATRO INFANTIL
Profesora : Anxeles Rodríguez Montero

sábado 25 (20 horas)

FIADEIRO MUSICAL
CONCERTO
EL ULTIMO GATO (POP - ROCK)

ATENEO FERROLAN

SOCIO N.º ______ D.N.I. ______
1º APELIDO ______
2º APELIDO ______
NOME ______ CUOTA ______
FOTO
ENDEREZO ______
POBOACION ______ CP ______
PROVINCIA ______ TELEFONO ______
DATA DE NACEMENTO ______
PROFESION ______
ALTA o día ______
BAIXA o día ______
MOTIVO DA BAIXA ______
RECIBOS PENDENTES ______
OBSERVACIÓNS ______

ALTA - ASDO. BAIXA - ASDO.

Rogamos cumprimenten os seus Datos, para
a revisión e actualización da nosa Base.

XOVES TEATRAIS

FEBREIRO - MARZO 2000

Tódalas funcións terán lugar no Auditorio Municipal "TORRENTE BALLESTER", ás 20,30 h.

Febreiro 3
TEATRO ANCORA PRODUCCIÓNS:
"Anatomía dun hipocondríaco"

Autor e Director: Gustavo Pernas Cora. Intérpretes: Ánxela Abalo e Gustavo Pernas. Comedia.
SIPNOSE: "É a paranoia dun enfermo imaxinario, convertido morbosamente en estrela dun espectáculo publicitario dunha marca farmacéutica".

Febreiro 10
TEATRO AMISTAD:
"O inocente sexólogo".
Comedia traducida e adaptada por Manuel Basoa

A acción desenvólvese nun pobo de veraneo, no que algunhas familias pasan uns días de descanso. O matrimonio Maruca e Antonio teñen dous fillos, Brais e Toño, que son completamente diferentes. Brais só pensa en divertirse e pasalo ben coas rapazas e Toño, pasa o tempo lendo e estudiando.

Febreiro 17
TEATRO CAROZA
"¡Oh! (¿Que facer cando non sei quen son?)
Autor: J.L. Prieto Roca. Direcc.: Lino Braxe. Peza teatral humorística.

Supóñase estes supostos: un imperio gobernado por uns ministros opresores que operan baixo a ignorancia da súa raíña. Unha raíña convencida da perfección do seu goberno ata que coñece un pobre. Unha Fronte de Liberación Artística que conspira para que a arte ocupe o lugar de seu. Outras tramas converxentes desenvoltas enriba dun taboleiro de xadrez, no que as pezas se moven coma nun conto colorista cunha elegancia grotesca.

Febreiro 24
UVEGÁ TEATRO:
"A señorita Xulia"
de A.Strindberg. Direcc: Vicente Montoto. Escenografía: Carlos Alonso. Intérpretes: Mónica Camaño, V. de Souza, Laura Ponte.

SIPNOSE: A debilidade da clase señorial é personificada nunha dona ociosa, caprichosa, sen máis iniciativa que a frivolidade, e á que non queda outra saída que a autoextinción, suxerida e estimulada polo criado, polo forte.

Marzo 2
TEATRO DO ATLÁNTICO:
"O cerco de Leningrado"
Dirección, Xullo Lago

Sanchís Sinisterra amósanos esa resistencia numantina a non se desprender dos soños, cun texto cariñoso e cruel ó mesmo tempo, e un grandísimo respecto polas personaxes que viven para gardar tales soños.

Marzo 9
FRIDOM SPIK
"Por qué Jimmy Hendrix tamén comía cachelos"
Adaptación da obra de S.Jaureguizar. Intérpretes: Estrela , Pepablo, Leandro.

SIPNOSE :
- Insumiso, dixeches insumiso?
- Si papi
- Baixa esa música, que nom sei que estás a dizer!!!
- Si papi

Marzo 16
TALÍA TEATRO:
"Soños dun seductor", de Wody Allen. Comedia.

SIPNOSE: Allan está a pasar un mal momento porque o deixou a súa muller. Desesperado, intenta esquencela buscando outras mozas, pero a súa capacidade de seducción deixa moito que desexar...

Marzo 23
BALEA BRANCA
"O contrabaixo", de Patrick Süskind (Autor de "El perfume")

SIPNOSE : Un home funcionario vitalicio nunha orquesta de música clásica, está perdidamente namorado da soprano, amor por outra parte, non correspondido.

Marzo 30
BARTOLETA TEATRO
"Un refaixo para Celestina", Eduardo Blanco Amor
Dirección: María José Doce

SIPNOSE : En clave de humor e desenfado, unha versión, distinta das clásicas, andanzas da Celestina, Calixto e Melibea.

SEMINARIOS de TEATRO

Paralelamente á realización dos Xoves Teatrais, estamos a xestionar a organización de varios Seminarios de Voz e Dicción, Canto, Expresión Corporal, Interpretación, Escenografía, etc.

Os mesmos terán unha duración aproximada de 15 horas cada un deles, sendo impartidos por diferentes profesionais do Teatro Galego, sobre os cales daremos cumprida información.

EXPOSICIÓNS

Xaneiro

Venres 12 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición de Pintura de:
MARÍA MANUELA, MARÍA LUISA ESPINOSA e DULCE MARÍA
do 12 ó 25 de xaneiro



Venres 27 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición de Pintura de:
Curso do Ateneo Ferrolán de María Manuela
do 27 de xaneiro ó 8 de febreiro

Febreiro


Venres 11 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición:
25 ANIVERSARIO DO CLUBE DE MONTAÑA
do 11 ó 22 de febreiro



Venres 25 (20.30 horas)


Inauguración da Exposición de Pintura
de AMELIA MILLÁN OCAMPO
do 25 de febreiro ó 9 de marzo



Marzo


Luns 13 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición de Fotografía:
"A MULLER GALEGA NO SÉCULO XX"
do luns 13 ó 23 de marzo



Venres 24 (20.30 horas)

Inauguración da Exposición de Pintura
de NATALIA LEMA
do 24 de marzo ó 4 de abril



OBRADOIROS

CURSOS DE GALEGO

PERFECCIONAMENTO

Luns, martes, mércores e xoves

Horario:

De 11 a 13 da mañá

Data de comezo: febreiro

PINTURA

Luns e martes

Horario: de 19 a 21

Profesora: María Manuela

Socios: 5.000 pesetas

Non Socios: 8.000 pesetas

Data de comezo: 1 de febreiro

FOTOGRAFÍA

Introducción á fotografía e Laboratorio fotográfico. Fotografía en Branco e Negro e Cor. Conceptos básicos da técnica fotográfica e manexo de cámaras.

Data de comezo: 31 xaneiro / Luns e mércores

Total: 40 horas   Horario: de 19 a 21

Profesor: Alejandro Cabadas

Prezo: Matrícula: 3.000 pesetas
Socios: 5.000 pesetas
Non Socios: 8.000 pesetas

OBRADOIROS INFANTÍS

OBRADOIRO DE PINTURA

Luns e martes   Horario: de 17 a 19 h.
Profesora: María Manuela
Socios: 5.000pesetas
Non Socios: 8.000 pesetas
Data de comezo: 1 de febreiro

OBRADOIRO DE MANUALIDADES

Trátase de fomenta-lo espírito do antroido e o mundo dos monicreques, tentando que os nenos deixen corre-la súa imaxinación creando as súas propias vestimentas e marionetas e aproveitando todo aquelo que pensamos que non ten valor ningún, do mesmo xeito que facían os nosos pais na xuventude.

Sábados   Hora de comezo: 11 h.
Do 29 de xaneiro ó 4 de marzo
Monitor: Víctor Feijoo Revilla
Socios: Gratis
Non Socios: 3.000 pesetas

OBRADOIRO DE TEATRO 2


Neste obradoiro de teatro os nenos achéganse á expresión dramática por medio do xogo. As sesións dividiranse en dúas partes: unha destinada ó traballo corporal e na que se realizarán xogos orientados ó quencemento físico-vocal, outra de interpretación, partindo dunha serie de pautas eles van desenvolvendo a súa capacidade para crear presonaxes e situacións coas que se identifiquen.

O obxectivo principal é achegarse ó teatro por medio dos xogos.

Sábados   Hora de comezo 11 h.
Do 11 de marzo ó 15 de abril
Monitora: Ánxeles Rodríguez
Socios: Gratis
Non Socios: 3.000 pesetas

IMAXE

Por Xan López Domínguez





O Desparafusador

Por Marcial Cantero

Pedírame o desparafusador para facer unhas chapuzas na casa; total, dixo, apertar tres cousiñas de nada. E eu, como non teño maldade ningunha, confiei na súa boa fe. Cando a cousa xa non tiña remedio, enteireime que o utilizaba para rascar o cu das tixolas. Case me da un ataque ao corazón.

Aquel mal amigo era un inútil completo, sobre todo na cama e na cociña. A súa muller, a pendanga da súa muller, tíñao día e noite entre cazolas e tixolas, fritindo por aquí e manchando por alí. Mentres tal cousa facía, non lle preguntaba a súa muller onde ía ou que facía. Un día, sospeitando das moitas e longas ausencias da súa esposa, xuntou valor para facerlle unha pregunta.

-¿Onde durmiches esta noite?.

-¿Queres que marche agora mesmo e non me volverás ver nunca máis?.

Foi a resposta do paxaro nocturno.

-¡Non!¡De ningunha maneira!¡Non se fale máis do asunto!.

E non se falou máis do asunto.Dende aquel día o gastador do meu adorado desparafusador vía ben pouco a súa muller.Pero como el dicía con moito acerto, mellor pouco que nada.

Mais, volvendo ó da cociña, xusto é dicir, facendo honor á verdade, que cando aquel desgraciado quería fritir calquera cousa vertía o aceite por toda a cociña; podíase ver correndo polos azulexos abaixo,polas patas da mesa,facendo pociñas no chan e mesmo na lámpada do teito.Eso si, algún tamén caía na sartaña, as cousas como son. Ó acender os fogóns o aceite rebulía por todas partes, mesturábase coa fariña caída, coa clara dalgún ovo ou vai ti saber. O certo era que aquela graxumada volvíase tisne e para arrincala tiña que raspar con algo duro e de punta afiada. E aí era onde entraba o meu desparafusador.

Sete meses pasaron xa desde o desafortunado préstamo. Non digo que fosen máis, pero cen veces llo pedín e cen veces dixo que si, que mañá sen falta, e inda hoxe estou esperando. Mentres agardo que chegue ese día, desafogo as miñas iras coa súa muller: vorcallón vai e vorcallón vén. Deporte limpo. Digamos que unha cousa compensa á outra: el gasta o meu desparafusador e eu gástolle a súa muller. Penso que é un cambio xusto no que se alguén sae prexudicado, ese son eu.

O meu desparafusador ten trinta centímetros dunha punta á outra. Rosiña, a súa muller, medía algo máis e na cama non o facía mal de todo. Era unha de esas morenazas con ollos de lume, co pelo moi negro e cadeiras de "cha-cha-cha". A moi pecadora sabía facerme caer na tentación da carne e como tamén estaba polo medio o asunto ese do desparafusador, eu comprendía que tiña todo o dereito do mundo para gozar dela segundo o meu capricho por ser eu, asemade, prestador doutro ben de servicio, o meu querido desparafusador.

Rosiña dábame todo o que lle pedía e eu, nun xesto envexable, xamais lle pedía o desparafusador. A ela non, pero o imbécil do seu marido repetíallo sempre que tiña a desgracia de me atopar con el. A resposta daquela montaña de graxa-algunha apañada na súa cociña- era sempre a mesma: lévocho mañá. Mais ese mañá parecía tan lonxe coma o día no que eu renunciaría a súa muller.Así estaban as cousas.

Hoxe, sen que inda poida crelo, devolveume o desparafusador.Viña cheo de graxa e na punta, apegañados, restos de ferruxe de tixola barata. O meu asunto coa súa muller en nada ía cambiar; faltaba o cobro dos intereses pola demora na entrega e o usufructo de tan lambeteira posesión.

Eu son un bo cristián e como a bondade me domina ao seu libre albedrío, nun arrouto imperdoable quixen ser cortés con el.

-¿Qué tal vai a pendanga da túa muller?- pregunteille.

-Ben - dixo sen moito entusiasmo, como se estive pensando noutra cousa.

Mesmo sendo colorado de cara, faceirudo, case calvo e panzudo, suando coma se fose un porco cebado e fumando cigarros sen parar, no fondo, alí ben no fondo, dábache un pouco de mágoa. Vestía cun gusto pouco recomendable e tendo só pouco máis de corenta anos, aparentaba polomenos cincuenta.Aquel día tiña posto un traxe con trinta anos de antigüidade que non estivera de moda nin daquela. Era de cadros grandes e de moitas cores mesturadas sen xeito¡ Daba pena velo!Para acabar de amola-la cousa, a camisa era de colo moi longo e remataba nun pico adoecido que lle chegaba ao peito.Os zapatos, feos coma demos, tiñan unha punteira tan afiada que ben servían para sacaren as espiñas do nariz. Iso sí, estaba recente afeitado, inda que semellaba levar sete días sen lavar a cara. A gravata era un deses trapos cheos de flores e sen deseño ningún que só se venden no entroido. Gaspar, vestidiño de arriba a abaixo, parecía un sol. Despois de todo, só era un pobre necio, e como tódolos necios sen conciencia, merecía algo de respecto, así que nunca lle dixen que gozaba da súa muller.

Entrementres Gaspar traballaba de soldador na Empresa Nacional Bazán e enchía os pulmóns dos tóxicos gases que o ían devorando por dentro e que estiraban a súa pel case ata o punto de parecer un globo presto a rebentar en calquera momento. Eu adicabame á viciosa da súa muller. Mais que ninguén pense que estaba eu animado por desexos luxuriosos. A miña abnegada misión, anunciada por San Patrás Patrón dos demorados, cando botaba unha toqueada, era sacarlle a Rosiña o demo que levaba dentro ¡Benaventurados os xustos!

-Rosiña está comigo como moi distante¿Non sei se ti entendes o que quero dicir?- como eu non dixen nada ¿que ía dicir? seguíu co seu monólogo- Está moi arisca.Ben é certo que xamais foi excesivamente agarimosa pero... - e aquí contívose denantes de soltar a lingua máis da conta.

E mellor lle foi, pois non son eu dos que consinten que falen mal da súa moza.

Rosiña, seguindo o que mandado estaba, non quería deitarse coa bola de sebo, nin sequera durmir no mesmo cuarto.

-Para o carro, bochudo. Non teño intención de aguantar as túas intimidades de cornudo. Xa bastante errei cando che prestei o desparafusador.

-Non, se eu só quería dicir que Rosiña...

-¡Quen te pariu que te lamba!¡Cacho cabrón!- corteino educadamente e sen alzar a voz como correspondía a un servo do Señor- Non te esforces que non teño interés nas túas historias de cama.

Ó meu ver, non lle afectou nada do que lle dixera e lonxe de se molestar, invitoume a un whisky, e eu non son dos que desprezan esas cousas. Non sei cantos seguiron ó primeiro, só podo dicir que cando deixamos a cantina, un deses buracos que abren polas noites, teñen a música moi alta e cobran o auga como se estivese bendita, era media noite ben pasada. O repoludo deixou na barra tódolos cartos que trouxera, e penso que non foron dabondo, pois un dos camareiros agarrouno polo peito e petoulle catro labazadas na cara. Eu, como lle prestara o desparafusador, non me sentín na obriga de colaborar no pago.

Gaspar levaba unha chispa de moito carallo. Non era quen de ir dereito e abaneaba o pelello dun lado ao outro da rúa.Ó camiñar ía calcetando coas pernas e, de non coñecelo, podería dicir que era unha balea fóra da auga. Cando batía contra as paredes das casas, deixaba impregnada unha graxa espesa que chorreaba cara ó chan e facía pociñas ó seu pé. Era noxento de todo. Un asunto do máis desagradable. Se houbese na terra moitos tipos coma el, a xente decente coma ti e coma min non teriamos onde meternos.

Eu levaba o desparafusador na cintura, na parte de atrás, tapado pola americana de cor negro que Rosiña me regalara co diñeiro que gañaba o gordo. Nunca fun amigo de facerlle un feo a ninguén, así que non tiven valor para lle dicir que non e quedei con ela. Séntame moi ben e faime un tipo moi chulo, e eso que eu non son deses tipos fanfurriñeiros que cren que todo lles queda ben. Non hai máis que me ver. Só lle puxen unha condición para aceptala:

- Esta chaqueta pide a berros unha boa camisa.

Rosiña, que non é tan tonta como parece, dixo que si e mercoume a camisa e uns pantalóns.

Outro día falamos de cousas serias.

- Mira, Rosiña -díxenlle eu unha tarde- se queres seres a miña namorada, aquí á beira terás que xurar que xamais me enganarás co porco do teu home. Ti es quen de elixires.

E, claro, elixiume a min.

Dende aquel día o gordo borracho dorme no sofá. É natural, eu no amor sempre lle esixo á muller a máis absoluta fidelidade. Eu son así e non vou cambiar agora.

O bochudo arrastraba a súa figura pola beirarrúa uns pasos diante de min e latricaba cousas ás que eu non lle prestaba atención.

Aquela montaña de graxa fora noutros tempos un home feito e dereito. Era levantador de pesas e todo el era un montón de músculos.Coñeceu a Rosiña nunha festa en Caranza. Ela, que sempre foi moi riquiña de cara, estreaba un vestido rosa que lle sentaba moi ben. Gaspar miraba para ela dende lonxe sen se atrever a dicirlle nada. Un fato de canallas metéronse con ela. A aparición de Gaspar, esmagando tres xitanos contra unha tómbola, foi espectacular. Rosiña, que non vía moi ben sen gafas, non reparou en que Gaspar levaba unha camiseta tres tallas máis pequenas das que o seu corpo pedía. Quedou namorada daqueles músculos, daquel corpo de campión. Sete meses despois, diante do cura, Rosiña dixo si. Tiveron un fillo a quen chamaron Alexandre mais, como Deus o quixo así, o pequeno morreu ó pouco de nacer. Entón, todo cambiou. Gaspar non facía máis que comer coma un porco e beber sen medida; agora pódese ver cal foi a consecuencia de tanto exceso. Rosiña, pola súa parte, entregábase aos homes que dicían estar casados e ter fillos. "Eu tamén tiven un filliño", dicíalles Rosiña mentres se espía. Pero un día cheguei eu para traer a esperanza a este fogar desfeito. Agora mesmo estou niso e non hei de parar ata sacar o demo do corpo de Rosiña.

Esa noite, con tanto líquido como levaba metido no corpo, non era moi dono de min. Nunca gustei de ir detrás de ninguén, pero esa noite seguía a aquela vaca gorda, que ía moi perdida rúa por aquí e rúa por alí. Supoño eu, e é un bo supoñer, que estaba a pensar en Rosiña e, claro, seguindo ó gordo, chegaría ao seu carón.

Andando de cacho para cribo, tempo despois, atravesabamos unha rúa escura, baleira e silandeira, e antes de eu poder preguntar onde ía, desembocamos nunha praza ainda máis escura. Non había nin unha maldita bombilla que dese un pouco de luz. A lúa, alí enriba, facía o que podía, que non era moito. Non fun quen de me situar e, despois de todo, pensei eu para min, ónde vou con este miserable.

Daquela, do fondo dun portal, xurdiron unhas sombras. O gordo non as viu. Unha delas cruzouse diante del e agarrouno pola camisa; fixo por sacudilo, mais non tiña forzas dabondo. Dixo, querendo facerse o gracioso:

-¡Boas noites teñades, coa axuda de Deus!.

Aquilo non me gustou nada: atentado contra o Segundo Mandamento. Mal comezaban as cousas.

Pasoume a borracheira de súpeto; podía cheirar o perigo a un quilómetro, e este estaba moito máis preto. Antes ca nada botei unha mirada para medir a situación. Diante de min, a só un par de metros, estaban os tres saqueadores da noite.Un deles agarraba ao gordo, que non daba un chío e deixábase facer, pola camisa; outro, o máis chupado, e todos eles o estaban, ameazábao cunha navalla arrimada no seu costado e o terceiro dos buscabullas veu cara min cun bate de béisbol nas mans.

Querendo tomar posicións e prepararme para o peor, quixen recuar un paso, pero sentín unhas mans fortes, coas que non contaba, que mo impediron.

-¡Tranquilo, colega!¡Non te poñas nervioso! - falou unha voz detrás de min cun ton que pretendía finxirse amable sen querer selo.

-¡Haxa paz, irmáns!- dixen eu con desexos conciliadores mais sen mover un só pelo da roupa por se acaso.

Quen suxeitaba ao gordo polo peito levaba a voz cantante e quixo ir dereito ó asunto. Penso eu, sen querer ser mal pensado, que de seguro esa noite tiñan outros traballiños

pendentes e querían despacharnos lixeiros como fan os médicos da Seguridade Social.

-¡Veña, sen vos poñerdes nerviosos, dádenos todo o que levedes encima... e sen protestar!.

Para que soubésemos que non estaban xogando, o que falara arreoulle unha losqueada a Gaspar en toda a cara. Debo confesar que sentín mágoa por el.

Aquela era una praza por onde non pasaba ninguén e onde os teus gritos non serían escoitados.Poñerse a berrar era un esforzo inútil.

-¡Socorro, socorro!- gritou o linguateiro do gordo.

O mirrado debía ter ganas de festa e afundiulle a navalla no costado, á altura do estómago.

-¡Cala, porco de merda!- díxolle.

O gordo dobrouse e foise das mans do xefe dos bandidos caendo ao chan coma se fose unha pastilla de xabón.

-¿Que fixeches, animal?- perguntoulle ao chupado, inda que sabía moi ben o que viña de facer.

A balea retorcíase no chan mais non parecía ter sentido a picada.Estaba peneque e a graxa do seu corpo era o mellor dos escudos. Creo que non morrerá desta atacada, pensei.

Contando con que eu me puxese farruco, o que de certo non pasaba pola miña cabeza, o meu veciño petoume no peito co bate de béisbol. Por sorte para min só quería intimidarme, do contrario agora estaría rebentado.

- E ti, cara de can, dáme a carteira senon queres que che arrinque a cabeza - e para probar que non estaba chanceando pegoume no peito, esta vez con máis forza.

Nunca fun un heroe, así que obedecín.

- ¡Non me faga dano, señor, pídollo por favor!. ¡Dareille todo o que teño! - supliqueille ben submiso - ¡Non me pegue máis, por favor!.

Mentres o xefe dos asasinos e o esfameado da navalla rexistraban o corpo derrubado do gordo, os meus amiguiños, os que me tocaran na tómbola daquela noite, encoraxáronse coa miña entrega, aquilo de poñer a outra meixela, e deron en repartiren máis leña, en proferiren ameazas de tódolos tamaños e, Deus os perdone, en blasfemaren cos maiores xuramentos que eu escoitei xamais. Quen gustaba de me agarrar sen eu darlle permiso, que falara ben pouco ata daquela, quixo deixarse sentir e se cadra pensando en facerse o simpático cuspiu xuramentos coa maldade do demo. Nomeounos a todos, criaturas grandes e pequenas e, con sacrílego escarnio, detívose no Bo Deus. A El adicoulle as maiores blasfemias, sacrilexios e xuramentos que ningún home, non sendo o demo, pode ter pronunciado xamais.

Non puiden soportalo. Eu son un home de fe, temeroso de Deus é seguidor da súa Santa Doutrina, e na miña presencia ninguén é quen de pronunciar o seu Nome en van.

-¡Solta a carteira, carallo! - recordoume o maldito pecador.

Botei a man cerca do peto de atrás do pantalón finxindo buscar a carteira. O pecador soltou a súa presa para que eu puidese servilo ado raio.tes. Saquei o desparafusador coa velocidade do raio.

-¡Loado sexa Deus!- orei polos que sofren persecución no mundo e afundín o desparafusador no pescozo de quen sostiña o bate golpeador. Non tivo tempo de dar as gracias e encamiñouse cara ao inferno.

O perxuro quedou mudo e cun salto bravío sobre el, foi o seguinte en sentir o lume abrasador da miña espada. Fundinllo no peito dúas veces. Era o mínimo que eu podía facer polo meu Deus.

Sentínme o anxo exterminador.

Os que estaban cacheando ao gordo, lonxe de se acovardaren, fixéronme fronte con ansias de vinganza.

-¡Fillo de mala nai!- gritou o xefe e sacou outra navalla cunha folla ben xenerosa.

Deixaron ao gordo caído e viñéronse cara min co odio marcando os seus rostros de pecadores. Gaspar revolveuse no chan para mirar a escena con horror. Unha testemuña a quen lle resultaba moi difícil mover o cu.

Os dous preeiros viñan cara a min sen moito convencemento. Encantaríalles que eu botase a correr para despois facelo eles detrás de min e, finxindo non me pillar, saíren de alí coma heroes victoriosos. Pero non o fixen. Collín o bate do chan, porque ao tipo co burato no pescozo xa non lle servía.

-¡Ímoste matar, cabrón de merda!- ameazoume o líder deles.

E o que inda quedaba vivo con el, engadiu:

-¡Si, ímoste matar!.

Eu, pola miña parte, non dixen nada, puxen a cara de quen está morto de medo e retrocedín querendo fuxir daquel pesadelo. Medio volvinme para botar a correr sen perdelos de vista. Coa man esquerda suxeitaba a espada de Deus e coa dereita sostiña o bate de béisbol, ata que o soltei e caeu o chan facendo un ruído de madeira seca. Empecei a correr, por lles dar gusto, cara unha parede que alí no fondo da praza deixábase entrever; alí, a escuridade era case total, e cando entrei nela, tireime no chan sen que eles acertasen a adiviñar o que estaba facendo. Ao pouco a escuridade tamén envolveu aos meus verdugos. Meu Deus guiaba a miña man e daba luz aos meus ollos. Por iso cando golpeei no aire con toda a forza do meu debilitado brazo, o desparafusador notou algo duro no que se espetar e un berro de pecador anunciou o castigo. O que aínda quedaba vivo, resultando ser o xefe, esqueceuse da súa anunciada vinganza, deixouse dominar polo pánico e deulle por poñerse a correr en sentido contrario. Non pensaba no que facía, porque el só quería fuxir de alí, e como o non pensar non é boa cousa, de resultas diso foi que tropezou co corpo caído dun dos seus compañeiros mortos e arrolou polo chan. Morto de medo, movíase con suma torpeza porque o pánico corría polas súas veas. Cheguei á súa altura sen moita dificultade e co desparafuador manchado de sangue infiel na miña man.

- ¡Non, por favor, non me mates! - suplicaba alí tirado e co seu lombo sobre un dos mortos- ¡Por Deus cho pido! - choraba e soltou a navalla nun signo de boa vontade.

Achegueime máis, aferrando o desparafusador coa man xusticieira de Deus e sen apartar a vista dos seus ollos de moribundo. Non tiven tempo nin de pensalo; deixeime caer de

xeonllos a carón del e ofrecino en sacrificio purificador.

-¡Loado sexa Deus! - e atravesei o seu negro corazón.

Non sufriu porque non tivo nin tempo.

No éxtase da miña entrega a Deus olvidara ao gordo de Gaspar, mais as súas choromicadas fixéronme regresar á terra dos mortais.

Alí seguía, pálido, suoroso e morto de medo. E, agora ¿que era o que ía ocorrer? pensei. Moi simple, o gordo irá co conto á policía e eu terminarei cos meus osos no cárcere.

Só tiven que recordar os sete meses que agardara polo meu desparafusador e iso fixo que me puxese furioso.

Aquela noite eu era o anxo do Señor e ningún anxo que se teña por tal vai deixando por aí probas das súas obras de Caridade para que algún covarde ignorante bote a lingua ó sol e o bo do anxo teña que dar explicacións a quen nada entendería.

Fun xunto do gordo, agacheime ao seu lado e intereseime polo seu estado.

-¿ Dóeche moito a ferida ?.

- Non, moito non me doe - choricou coma un covarde queixón.

- E mellor así - tranquiliceino -. A dor non é boa.

Levantei a espada da xustiza.

-¡ Loado sexa Deus !.

E asesteille o golpe purificador no medio do corazón.



Por Xosé Lois "CARRABOUXO"

Por Fermín Bouza

As Novas culturas na sociedade da información

As transformación en curso, que veñen de afectar ós sectores da comunicación e seguen a producirse a un ritmo ben rápido, están a transformar os usos e costumes da nosa cultura secular ó mesmo tempo que o século XX vai esmorecendo e se anuncia xa unha alborada de desconcerto e incertidume. Os procesos tecno-sociais en curso prodúcense xa sobre cambios previos que tiñan modificado a estructura social dos países avanzados, coa aparición das clases medias e o estoupido dos medios de comunicación de masas. A comunicación instantánea que viña anunciada polo teléfono e a radio, faise absoluta a través de internet, e a liberalización do mercado de capitais fai emerxer unha internacional financeira que usa a instantaneidade para modificar as condicións económicas dun país da noite á maña. Mentres continentes como África están a pasar un intre interminable de depresión económica e sanitaria, grandes potencias de economía mesturada, coma China, emerxen na paisaxe mundial coma líderes case certos dun futuro non moi lonxano, ó tempo que grandes potencias nucleares, como Rusia, teñen serios problemas para obter unha mínima cohesión interior. A poboación da India será axiña coma a da China, e aínda superior, ó tempo que os seus veciños pakistaníes séntense ameazados a ameazan co uso do arsenal nuclear. Paralelamente, unha certa medievalización política afecta ó mundo árabe, mentres en Colombia as forzas guerrilleiras andan cada día máis preto dunha victoria total. A reunión de Seattle amosou os desacordos centrais do sistema comercial, básico para ir encetando unha solución económica equilibrada cara ó futuro más inmediato. E poderiamos seguir citando acontecementos que, dalgún modo, tenden a desequilibrar o precario sistema mundial nacido da caída do muro de Berlín e dos acontecementos posteriores. Nestas condicións, a entrada no século XXI vén chea de incertidume, pero non necesariamente de desesperanza.

Os elementos máis esperanzadores do tempo novo son aqueles que falan dun asentamento de certas conquistas sociais no Estado de Benestar, que parece ter conxelada a súa crise e moderado os problemas económicos na nova Europa. Ó tempo, a outra cara da mediatización da sociedade ou da potencia dos medios de comunicación de masas, é a difusión crecente dunha cultura nova que ten aspectos positivos e chega a todas partes, acrecentando a comunicación global e moderando os problemas derivados do illamento, ó tempo que o coñecemento dos problemas pola crecente conciencia social receptiva (ONGs, fortalecemento da sociedade civil, asentamento das democracias,...) acelera as súas posibilidades de solución.

Con todo, os cambios en curso afectan a aspectos tan fundamentais como a política, que está a sufrir unhas modificacións que non sempre son satisfactorias e que xeneran unha certa frustración social participativa: o cambio dos vellos partidos de masas ós partidos xestores (que é o cambio dunha sociedade de poucas clases sociais e moi confrontada a unha sociedade multiestratificada de moitos intereses diversos) non acaba de encher as necesidades políticas e representativas de moitos sectores. Paralelemente, a nova comunicación internáutica abre outras posibilidades non moi exploradas para mellorar a comunicación entre os cidadáns e os líderes Entre todas estas cousas tan diversas e, ás veces, inquietantes, imos entrar no novo século, que ten que ser propicio para a Galicia nova que vai chegando paseniño, e para todos e cada un de nós.

Fermín Bouza é sociólogo pola Universidade de Madrid e impartirá unha conferencia no Ateneo Ferrolán, o próximo martes 29 de febreiro, na cal falará arredor das culturas e a súa influencia na sociedade da información.



O PARNASO

RETORNO DE LA INVARIABLE POESÍA

¡Oh poesía hermosa, fuerte y dulce,
mi solo mar al fin, que siempre vuelve!
¿Cómo vas a dejarme, cómo un día
pude, ciego, pensar en tu abandono?

Tú eres lo que me queda, lo que tuve,
desde que abrí a la luz, sin comprenderlo.
Fiel en l a dicha, fiel en la desgracia,
de tu mano en la paz,
y en el estruendo triste
de la sangre y la guerra, de tu mano.

Yo dormía en las hojas, yo jugaba
por las arenas verdes de los ríos,
subiendo a las veletas de las torres
y la nevada luna mis trineos.
Y eran tus alas invisibles, era
su soplo grácil quien me conducía.

¿Quién tocó con sus ojos los colores,
quién a las líneas contagió su aire, y quién,
cuando el amor, puso en su flecha
un murmullo de fuentes y palomas?
Luego, el horror, la vida en el espanto
la juventud ardiendo en sacrificio.
¿Qué sin ti el héroe, que su pobre muerte
sin el súbito halo de relámpagos
con que tú lo coronas e iluminas?

¡Oh, hermana de verdad, oh compañera,
conmigo, desterrada,
conmigo, golpeado y alabado,
conmigo, perseguido;
en la vacilación, firme, segura,
en la firmeza, animadora, alegre,
buena en el odio necesario, buena
y hasta feliz en la melancolía!
¿Qué no voy a esperar de ti en lo que me falte
de júbilo o tormento? ¿Qué no voy
a recibir de ti, di, que no sea
sino para salvarme, alzarme, conferirme?
Me matarán quizá y tu serás mi vida,
viviré más que nunca y no serás mi muerte.
Porque por ti yo he sido, yo soy música,
ritmo veloz, cadencia lenta, brisa
de los juncos, vocablo de la mar, estribillo
de las simples cigarras populares.
Porque por ti soy tú y seré por ti solo
lo que fuiste y serás para siempre en el tiempo.

Rafael Alberti

1

El mar. La mar.
El mar. ¡Sólo la mar!
¿Por qué me trajiste, padre,
a la ciudad?
¿Por qué me desenterraste
del mar?
En sueños, la marejada
me tira del corazón.
Se lo quisieron llevar,
Padre, ¿por qué me trajiste acá?

2

Si mi voz muriera
llevadla al nivel del mar
y dejadala en la ribera.
Llevadla al nivel del mar
y nombrarla capitana
de un blanco bajel de guerra.
¡Oh mi voz condecorada
con la insignia marinera:
sobre el corazón un ancla
y sobre el ancla una estrella
y sobre la estrella el viento
y sobre el viento la vela!.

Rafael Alberti

SEMPRE SERÁ OUTONO
ELEXÍA A UXÍO NOVONEYRA

Hoxe as campá de tódalas campás da serra do Caurel,
tódalas campás tanxen, debuxando as súas
badaladas de bronce na chuvia deste día.
Pía Paxaro, Formigueiros, Cido io Souto de
Parada ficaron orfos pola túa ausenza.
Veleiqyuí outra vez xuntos a carón da devesa
das nosas lembranzas:
Manuela e Xosé de Parada "nun sono de idas e voltas"
María Mariño "a nebra raxoume que non sei de min"
Roberto Martínez "para que anticipar o final
que sempre volta ó comenzo"
E tódolos troveiros e xoglares dista Galiza
que tanto amache.
Todos xuntos, pelengrins niste día, subiremos
a cabalo dos cabalos o camiño da Rugueira
Á percura daquil espazo de silenzo e soedá
Nun abraiante estoupido de carnabudos,
xardóns, teixos e faias.
Todos xuntos baixo daquil ceo inmenso
a ollar o paso inorde do tempo.

... ...

Para todos nós sempre será outono...!

Moncho Regueira
1 novembro 1999

FALADURÍAS

E din : eu son de familia probe
son de fame, teñodereito.

E din : eu son de crase proletaria,
¡manda forza!.

E din : eu son daquelo
que moita xente abafalla.

Son do traballo
Ferreiro, obreiro, labrego, loitador.

E din : eu son de xente grande
son de podentes, teño diñeiro.

Eu son rapaz chic
choqueiro por snob,
con mesta cultura e moita crase.

E ninguen dí a verdade que peta
nas meniñas :

Eu son unha persoa, un ser humano
que busco a cotío a igualdade.

Maruxa Orxales

LEMBRANDO A NENEZ

Cando pequerrecha a miñas naiciña
poñíame as zocas.
Choraba berrando
sen querer calar.
Quedábanme postas
nos pes do revés
para batuxar.
Pechaba os olliños
e tiña cen sonos
con belos zapatos,
camiñar lixeira
chegar pespunteira,
repinicadeira,
pronto a ser muller.
O meu pai berrábame
voltaba a berrar
azoutas me daba
¡Deixa de chorar!-
Medrei moi axiña
zapatos, tacóns...

o charol brillando
calceime nos pes,
e non do revés.
Pechando os olliños
agora de vella
eu volto a chorar
e a miña tristura
faime relembrar
aquelas prendiñas
de branca madeira...
-¡As miñas zoquiñas!-

Maruxa Orxales

SALOUCA O LOBO

Salouca o lobo,
os fados fan rodas
de mudas e longas conversas,
abróllanse as tebras de laios
e tínguese de agoiros o ar,
abaten as sombras segredos
e parla feitizos o azar.

Salouca o lobo,
os fados fan rodas
de mudas e longas conversas.
E cando a soga negra da noite
encalla inmóvil a lúa no amorfo,
dúas estrelas xigantes
cegas druídas de luz,
baixan ledas do alén
con cen coroas de frores
e mil atavíos de rei.

Salouca o lobo,
e a lúa acobíllase queda
nos tépedos e brandos alentos
que perseguen inmóviles,
os fríos aceiros de luz.

Os fados fan rodas
de mudas e longas conversas,
e o lobo salouca en silencio
nas entranas da terra e do ar.

Elia Rico Lagarón

OS REISES

Tres reises son Magos
e chegan de Oriente.
Tres túnicas portan
brilantes coas risas dos nenos.
Tres camelos moi graves
coas alforxas ben pretas.
Tres paxes de maxia
petan na casa dos soños,
bicando solemnes
a testa da noite.

Tres reises, tres paxes,
tres camelos moi graves;
na casa dos nenos
sen risas nen soños;
entraron de puntas,
moi rexos os tres,
abertas as túnicas
cal alas famentas;
a todos uparon
do seu chan de cinza.

Dende agora xa creo
nos reises de Oriente.

Elia Rico Lagarón

Por Maica Rodriguez

CENTROS DE ACOLLIDA

¿QUÉ É UN CENTRO DE ACOLLIDA? *

REDE DE CENTROS DE ACOLLIDA PARA MULLERES "*EN SITUACIÓN DE EXTREMA INDEFENSIÓN*"

"Eu tan só quero... que me escoites"

O Concello de Ferrol conta, dende 1986, coa primeira Casa de Acollida para mulleres en situación de emerxencia social e malos tratos da nosa Comunidade Autónoma. Habería que agardar á xubilada década dos noventa para ver ampliado, paseniñamente, este servicio a outras localidades galegas (Ver Cadro 1).

A única normativa existente sobre esta materia, a *Orde de 1 de Abril de 1997 pola que se regulan os requirimentos específicos que deberán reunir os Centros de acollida para `mulleres maltratadas´* defíneos como "aqueles establecementos destinados a acoller durante un período determinado de tempo ás mulleres e, se é o caso, aos seus fillos/as menores ou incapacitados/as, que se atopen inmersos/as nunha problemática grave de maos tratos *`domésticos´*, inferidos polo cónxuxe ou persoa coa que manteña análoga relación de afectividade".

Esta Orde autonómica, confeccionada gracias ás aportacións do persoal que traballa coas mulleres víctimas da violencia, será o resultado das múltiples demandas sociais e incluso se adianta ás entrópicas recomendacións dos poderes públicos, pois o "Plan de Acción contra a Violencia Doméstica (1998-2000)", aprobado polo Consello de Ministros en Abril de 1998, establecía esta medida entre os seus obxectivos, instando á confección de normativas sobre Centros de Acollida. Na nosa Comunidade xa estaba vixente...

Ende ben, existe un gran descoñecemento sobre este recurso. As mulleres con problemáticas de malos tratos que solicitan axuda e que acoden na maoir parte dos casos aos Servicios Sociais Municipais- chegan ás institucións con expectativas falsas sobre o obxecto e as oportunidades que ofrecen os Centros de Acollida.

Ao valorar o protagonismo dos Concellos, non nos podemos esquecer dos Corpos de Seguridade e dos Centros de Saúde como *detectores da violencia en primeira instancia,* se ben o número de casos derivados destes organismos é menor. Quizais polas connotacións da violencia (psico)física -o seu carácter emerxente, a súa visualización ou o sensacionalismo- a sociedade coñece antes este tipo de casos de malos tratos a pesar de que, estatisticamente, ocasionen un menor número de ingresos.

Así, e seguindo coa definición, os Centros de Acollida son concebidos como espacios físicos onde a muller dispón de tres a seis meses -no suposto das Casas de Acollida- ou ata un máximo dun ano -no caso das vivendas tuteladas- para reflexionar sobre a súa situación persoal e recuperar a súa auto-estima. Hai que ter presente que as mulleres con síndrome de malos tratos sofren de alteracións nos padróns de auto-coidado e na visión de si mesmas. Así, nalgúns Estados Federados de Estados Unidos de América estase estudiando a aplicación de terapias da anorexia para as víctimas da violencia de xénero.

---

* Este Artigo nace a propósito dun proxecto de investigación iniciado en Xullo de 1998 e aprobado polo *Servicio Galego de Igualdade/Xunta de Galicia.*

[1] En relación ao vencello co agresor, cabe mencionar que as relacións de parella non protagonizan sempre os episodios de malos tratos. A muller é receptora da violencia na que o emisor é tamén- seu pai, seu fillo... A Casa de Acollida de Santiago de Compostela, durante o ano 1997 recollía un dato salientable a este respecto: o 17% da ocupación durante este período eran mulleres agredidas polos seus propios fillos varóns.
A aplicación da normativa, por sorte, é flexible, adaptandose ás necesidades de cada caso. Do mesmo xeito, e no que se refire ao límite de idade, este si será operativo con matices- para os fillos varóns (ata 14-16 anos), habida conta dos problemas de convivencia don adolescentes e a asunción dos roles tradicionais de xénero (comportamentos violentos, imposición de criterios sen-razón e desprezo á muller e ás nenas).
Falarei, ademais, de "violencia de xénero" e non de "violencia familiar" ou "violencia doméstica", estimando que a agresión contra a muller é unha cuestión de carácter socio-cultural, onde os motivos que explican a nosa situación de desigualdade non parten de criterios obxectivos de desestructuración familiar, marxinalidade, desemprego e economía somerxida, disfuncións psíquicas, dependencias de alcohol e outras búsquedas.

Neste tempo, tres, seis meses, un ano... un equipo de profesionais intervirá no tratamento e atención á muller víctima da violencia[2]. Este grupo estará formado por persoal pertencente ás Administracións Públicas:

* *psicóloga, traballadora social, e avogada,* normalmente a través de contratacións de Servicios Sociais Municipais;

que prestará o seu apoio técnico ás entidades xestoras dos Centros de Acollida (Asociacións de Mulleres, Fundacións, ONGs e ao seu persoal:

* *educadoras* e *directora-coordenadora*[3].

As/os profesionais que atenden ás mulleres con síndrome de malos tratos deben estar formadas en temáticas específicas de xénero e de violencia de xénero. Ademais, e o que é igual de importante, deben estar comprometidas ideoloxicamente co seu proxecto, elas/eles son as principais transmisoras de valores nesta etapa primaria de recuperación[4].

Como adiantabamos anteriormente, existen dous tipos de Centros, Casas de Acollida e Vivendas Tuteladas. A súa diferencia vén dada polos seguintes motivos:

O tempo de estancia das mulleres-usuarias (tres meses, prorrogables por outros tres para as Casas de Acollida e un máximo de un ano para os Pisos Tutelados);

O persoal a disposición de cada Centro: nas Casas de Acollida as "educadoras" (ou "persoal auxiliar") convive coas mulleres-usuarias a través dun sistema rotatorio de quendas que cubre as 24 horas. Isto permite a observación directa dos comportamentos e das actitudes, facilitando os seguimentos e unha avaliación constante do programa.

O tipo de intervención: as Casas de Acollida, por tratarse de *centros de 1º nivel e/ou de urxencia,* centran os seus obxectivos na aprendizaxe de novos modelos de relación inter-persoal (modificación do role tradicional de xénero), recuperación do baixo nivel de auto-estima ou outras metas que obrigan a un tratamento inmediato. Entre elas tamén pode figurar a formación académica e ocupacional da muller - se é que estas son especialmente precarias- e constitúen un atranco para a súa plena integración social e laboral.

Este sería o obxecto das Vivendas Tuteladas, a plena integración da muller na sociedade; especialmente daquelas mulleres que posúen unha situación máis complexa (ben porque viven ameazadas polo seu agresor, tendo que fuxir do seu entorno de referencia, ben porque se fan cargo de fillos/as de distintas idades, dificultando a compatibilidade horaria laboral coa escolar...

Actualmente, existen sete Casas de Acollida (A Coruña, Ferrol, Culleredo[5], Vigo, Santiago, Ourense, Pontevedra) e tres cidades nas que funciona o sistema de pisos tutelados (Lugo, A Coruña e Vigo), os dous últimos postos en marcha no período 1998-1999.

A pesar da normativa autonómica, as canles de acceso aos Centros de Acollida non sempre obrigan á presentación de denuncia, se ben é certo que este feito é valorado moi positivamente pola Dirección dos Centros, xa que se interpreta como un maior compromiso e convencemento da muller cara ó cambio, axilizando a aplicación dos programas de intervención e os bos resultados nas terapias.

---

[2] Intentarei omitir o termo "muller maltratada" por consideralo difuso e carente de contido na medida en que os maos tratos adoitan múltiples formas (psico-físicas, psíquicas, sexuais, micro-machistas) nos diferentes ámbitos da vida (inter-persoal, laboral, social e institucional).

[3] En ocasións, o persoal exclusivo dos Centros de Acollida (directora e educadoras) tamén é contratado directamente polas Corporacións Locais, integrándose a figura da directora no propio organigrama de persoal de Servicios Sociais e cumprindo, a un tempo, varias funcións (directora do Centro de Acollida, psicóloga do Centro Municipal de Servicios Sociais). A duplicidade de cargos e a sobrecarga neste departamento das administracións locais resulta moi frecuente na rede de acollida.

[4] A figura masculina como parte integrante do cadro de persoal resulta moi polémica. Algúns Centros consideran a incorporación de varóns no seu organigrama contraproducente para a recuperación das mulleres, vetando os postos de monitores infantís, p. e., aos homes.

[5] O Centro de Acollida de Culleredo comezou a súa andaina como "vivenda de segundo nivel", se ben hoxe funciona, alternativamente, como Casa de Acollida (para as mulleres do Concello e das proximidades) e como Piso Tutelado, de estancias longas, para usuarias procedentes doutros ámbitos territoriais.

Entre os servicios ofertados destacan:

- Asistencia psicolóxica (técnicas grupais e individuais; tratamento da auto-estima, habilidades sociais e comunicación, modificación de roles, e de comportamentos). Baixo unha gran polémica, empréganse técnicas cognitivo-conductuais, é dicir, centradas só na conducta. Sen dúbida, a modificación das actitudes e o coñecemento dos sentimentos -o *núcleo duro* dos malos tratos- érguese no proceso máis lento e máis complexo.

- Asesoramento xurídico, que non implicaría defensa e asistencia no proceso xudicial, esta será competencia do Colexio de Avogados/as, o cal precisa dun grupo de especialistas para o seguimento destes casos de violencia.

- Información sobre os recursos sociais, tramitación de axudas económicas, formación e promoción da participación.

O éxito dos programas de atención á víctima da violencia non dependerá só das *micro-actuacións* da rede de acollida, pois o tratamento da agresión á muller é unha cuestión multidisciplinar: xuíces/zas, fiscais, avogados/as, médicos/as, corpos de seguridade, psicólogas/os, psiquiatras, traballadores/as sociais, educadores/as, responsables políticos/as...

A coordenación das diferentes entidades implicadas no seo de cada entorno (comunicación inmediata entre as delegacións dos corpos de seguridade e centros de acollida, derivacións dende os centros de saúde e hospitalarios, Centros de Planificación Familiar, Gabinetes de Orientación Familiar, Centros Educativos..,) obriga á confección de protocolos de actuación sectoriais (protocolo sanitario, de recollida de denuncia e escoita activa) e á centralización e informatización dos datos. A muller enfrónta-se á condena de ter que expresar publicamente o seu particular inferno diante de cada institución, coñecendo múltiples facianas e xanelas.

As carencias e a ralentización dos procesos burócratas á hora de pór en práctica políticas de atención social especializada, tradúcense na insatisfacción da cidadanía que, en ocasións, instrumentaliza as súas demandas a través do asociacionismo.

En Ferrol, acaba de rexistrarse a Asociación de Loita contra os Malos Tratos (ALMAT), pioneira en canto á temática e obxectivos e que, tristemente, atopou grandes expectativas.

CADRO 1: CENTROS DE ACOLLIDA. ANOS DE APERTURA E LOCALIDADES

	1986	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000
Ferrol	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Culleredo					■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Ourense					■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Pontevedra					■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
Vigo					■	■	■	■	■	■	■	■	■	■	■
A Coruña							■	■	■	■	■	■	■	■	■
Lugo								■	■	■	■	■	■	■	■
Santiago										■	■	■	■	■	■

Neste Cadro non se teñen en conta outros Centros xestionados por distintas ordes relixiosas e subvencionados, ocasionalmente, polas Administracións Públicas; é o caso, entre outros, do *Patronato Concepción Arenal* (Ferrol) ou de *Betania de Jesús Nazareno* (A Coruña).

ARTIGO

EFEMÉRIDES

Ano 1700 (hai 300 anos)
Morte de Carlos II.- Guerra de Sucesión.- Domingo de Andrade deseña o Pórtico da Porta Real na Praza da Quintana de Santiago.

1725
Simón Rodriguez remata a Capela da Virxe dos Ollos Grandes na Catedral de Lugo. Morre Pedro el Grande, Zar de Rusia.- Antonio Vivaldi compón "As catro estacións".

1750
Malas colleitas. Hambruna en Galicia.- Aprobado o proxecto definitivo do Arsenal de Ferrol.- Fernando de Casas vai concluír a fachada do Obradoiro na Catedral Compostelá. Tratado de Madrid, entre España e Portugal: Delimitación de fronteiras en América. Morre Juan Sebastián Bach..-

1775
Clausura do antigo Cemiterio situado nas proximidades do peirao de Ferrol.-Nace no Campo de Gibraltar, Luis de Lacy, militar que se vai pronunciar en 1817 en Barcelona contra o réxime absolutista de Fernando VII.- Comenza a Guerra da Independencia nos Estados Unidos.

1800 (hai 200 anos)
25 y 26 de Agosto: Desembarco inglés en Doniños e Batalla de Brión.- Cea Bermúdez publica en Madrid "Diccionario histórico de los más ilustres profesores de las Bellas Artes en España".- Francisco de Goya pinta "A familia de Carlos IV".- Establécese o metro como medida de lonxitude.- España devolve A Luisiana a Francia.- Carlos IV declara a Portugal a chamada "Guerra das laranxas" pola sua negativa a aceptar o bloqueo comercial británico.- Alexandro Volta crea a pila eléctrica ou voltaica.

1825
Botadura en Ferrol da fragata "Iberia".- Morre en Épila, Silvestre Pérez, arquitecto que en 1804 proxectara a Igrexa de Mugardos.- Robert Owen funda, en Indiana, a colonia experimental "Nueva Armonía".- Saint-Simon publica en París "O novo cristianismo". Alexander Pushkin escribe "Boris Godunov".

1850
Fúndase en Ferrol a Consignataria "Nicasio Pérez".- José Alonso Esquivel debuxa o Arsenal de Ferrol.- Creación, no Concello de Ferrol, da Guardia Municipal.- 7 de xaneiro: Nace a tertulia "La Confianza" hoxe Casino Ferrolano.- Posta en Quilla do Vapor "Jorge Juan" (9 de abril), Vapor "Antonio de Ulloa" e Bergantín "Aledo" (16 de maio), Vapor "Narvaez" (21 de maio), Urca "Niña" (19 de xuño) e Navío "Rey Francisco de Asís"(2 de decembro).- 18 de outubro: Nace no Barrio de Esteiro (Ferrol) Pablo Iglesias Posse.- Molíns ministro de Marina.- Coménzase a editar a "Historia de España" de Modesto Lafuente.- Baixo a dirección de Josep Anselmo Clavé nace en Barcelona o Orfeón Obreiro.-Jenaro Pérez Villaamil pinta para o Palacio da Moncloa "Procesión o Santuario da Virxe de Covadonga".-Incorporación de California ós Estados Unidos.- Falece Honorato de Balzac.


Pablo Iglesias

1875
En plena 3ª Guerra Carlista (1874 1876).- A Fábrica de Xuvia convértese en industria téxtil.- Nace en Ferrol, Matías Usero Torrente, cura, político, conferenciante, etc.- 26 de maio: morre en Motrico (Guipúzcoa) Victoriano Sánchez Barcáiztegui. en acción de guerra frente ós carlistas.- 10 de setembro: Nace en A Graña Juan Ramón García Niebla, mestre.- 25 de novembro: nace en Ferrol Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza, pintor.- Alfonso XII entra en Madrid, dando comenzo o seu reinado.- Nacemento de Antonio Machado e Thomas Mann.- As Illas Hawai aceptan o protectorado dos Estados Unidos.- Scliemann fai públicos os seus descubrimentos nas Ruinas de Troia.- Publícase "O crime do Pai Amaro" de Eça de Queirós.- Estrea en París da ópera "Carme" de Bizet.


Matías Usero


J. R. García Niebla

1900 (hai 100 anos)

O Círculo Católico de Obreros funda a Caja de Ahorros y Monte de Piedad de Ferrol.- Saen os primeiros números dos periódicos ferroláns "El Anuario Ferrolano", "El Bien del Obrero", "El Merlo", "El 1º de Mayo", "La Puntilla" y "Solidaridad".- Nace Francisco Iglesias Brage. Aviador.- En setembro Alfonso XIII y Mª Cristina visitan Ferrol.- 15 de marzo: Falece en Ferrol Francisco Suárez García, político, periodista e escritor... O Congreso Internacional de Sicoloxía de París debate sobre o fenómeno ferrolán ,Pepito Arriola.- Santiago de la Iglesia fai pública unha biografía do seu compañeiro ateneísta Francisco Suárez.- Nace en Rianxo o poeta Manuel Antonio, e en Ourense , Eduardo Blanco Amor.- Creación do Ministerio de Instrucción Pública.- Morte de Oscar Wilde, en París.- Nace a "Coca Cola".- O físico alemán

Max Planck propón a "teoría cuántica".- 28 de maio: Eclipse total de sol.- Sigmund Freud publica "La interpretación de los sueños".- Morre Friedrich Nietzsche, filósofo.- Fundación en USA da Eastman Kodak Cº.

1925

Bello Piñeiro decora a "pecera" do Casino, e remátase a construcción deste edificio.- O Teatro Renacimiento convértese tamén en cinematógrafo.- Gonzalo Torrente Ballester é alumno da Escola de Artes e Oficios de Ferrol (matriculado en Ciencias Físico-Químicas e Debuxo de Figura).- O 3 de Xuño morre en Mandiá Manuel Comellas Coímbra, profesor, periodista e literato.- 9 de Decembro: falece en Madrid, o socialista Pablo Iglesias.- 8 de Setembro: Desembarco de Alhucemas.- Francisco Franco é ascendido a Xeneral de Brigada.- Publicación de "Cousas" de Castelao, e de "Marinero en tierra" de Rafael Alberti.- Ródase "O Acorazado Potemkin" de Sergei Eisenstein, obra mestra do cine mudo, e "La Quimera del Oro" de Charles Chaplin.- Construcción do edificio "La Bauhause" de Walter Gropius.

1950

O ferrolán Ricardo Carvallo Calero publica "Anxos da terra", e deixa Ferrol para dirixir o Colexio Fingoy de Lugo.- Segura Torrella expón no Centro Galego de Madrid.- Falece Castelao, en Bos Aires, o 7 de xaneiro.- Iníciase a Guerra de Corea.- Promulgación en Suráfrica do "apartheid".- McCarthy comenza a "caza de bruxas" para identificar e castigar ós simpatizantes comunistas nos Estados Unidos.- Primeira competición internacional de Fórmula 1, celébrase en Francia, co triunfo do arxentino Juan Manuel Fangio.- Xorde nos Estados Unidos o "rock and roll".- Morre George Orwell. Eugene Ionesco estrea "A cantante calva".- Pablo Neruda escribe "Canto General". Rank Xerox fabrica a primeira fotocopiadora.




R. Carballo Calero

1975

16 de xaneiro: Entrega en Ferrol, á Mariña de Guerra, da Fragata "Cataluña".- 18 de xaneiro: Apertura do Primeiro Curso da Escola Náutico Pesqueira da Xuventude, en Serantes.- 12 de Febreiro: El Consejo Nacional del Movimiento autoriza as primeiras Asociacións Políticas.- Torrente Ballester elixido membro de número da Real Academia de la Lengua Española. En marzo, José Rubio Barcón obtén o primeiro premio de Escultura "Guillermo Feal".- España retírase do Sáhara Occidental.- 20 de novembro: Morte de Francisco Franco.- Juan Carlos Rey.- Carlos Casares publica "Xoguetes para un tempo prohibido" e Celso Emilio Ferreiro "Onde o mundo se chama Celanova".- Imprímese "Insectos", colección de gravados de Luís Seoane.- Portugal concede a independencia ás colonias africanas.- Remata a Guerra do Vietnam.- Morre en Taiwan o xeneral Chiang-Kai-Chek, líder da China nacionalista.- Bill Gates e Paul Allen fundan a empresa informática Microsoft.


1990

25 de marzo: Morte de Ricardo Carvalho Calero.- Fúndase a Universidade da Coruña.- Primeiro número de "Ferrol Análisis".- Liberación de Nelson Mandela, dirixente do Congreso Nacional Africano.- Reunificación alemana: Desaparece a República Democrática Alemana.- A invasión iraquí a Kuwait dá lugar á Guerra do Golfo.-



MATA - RATOS

Por Sabela Arias



Busca_Busca. Manoel o peixe vai na procura do seu irmán que é igual ca el. ¿Sabes cal é?




PROBLEMATICO:


Suma, resta, divide ou multiplica pero chega a 300 empregando cinco 3.

CREBACABEZAS

Pregunta ¿Que leva o meu traxe de vaqueiro?



Segue os puntos por orde e atopara-lo debuxo.



ENCRUCILLADO

solucións:

Encrucillado

C
P A P
BOLBORETA
R A I
C L X
OSO E

Crebacabezas: Pis-tola

Busca-Busca: A

Problemático : 333-33=300

3x3x33+3 = 300

O PARLADOIRO

UNHA RECUPERACIÓN "HISTÓRICA"

A Asemblea Xeral do 20-02-97, acordara por unanimidade autorizar á Xunta Directiva para xestiona-la recuperación da documentación depositada no BBV, por mandato da Asemblea Xeral do 30-03-84.

Logo de múltiples xestións, complicadas, por diversas circunstancias, e pola dispersión dos firmantes depositarios, o pasado 26-11-99, culminaron estes esforzos, logo de 12 anos que serviron para RECUPERAR eses históricos documentos que, xa se atopan nos arquivos do Ateneo.

Desde aquí, queremos agradecer, en nome de todo o Ateneo Ferrolán as facilidades atopadas no BBV, na persoa do seu director, D. Ramón Otero Ares

O Grupo de Estudios FIA (Familia, Infancia e Adolescencia), integrado no Ateneo durante os últimos anos, comunicounos, con data 19-11-99, a súa decisión de causar baixa como grupo e nas súas actividades.

Desde aquí, queremos transmitirlles unha testemuña de agradecemento, pola labor desenvolvida e valiosa colaboración durante ese tempo, asemade que lamentar esta importante baixa.


Queremos facer unha rectificación, segundo a información que nos aporta José Méndez Pérez. No catálogo da exposición de homenaxe a Francisco Iglesias, ano 1997, atribuíase a autoría duns decorados do teatro Jofre a F. Iglesias e Bello Piñeiro, estando equivocados, en canto ó segundo, xa que morreu antes da realización dos mesmos. O coautor, foi Manuel Piñeiro, pintor da Bazán e mugardés, quen axudou ó amigo Paco Iglesias, corría o ano 1957.

Estamos a programar, conxuntamente coa Concellería da Muller e Servicios de Ferrol, a organización dunhas xornadas sobre a muller, para o próximo mes de marzo, coincidindo coa celebración do DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA. Para esas datas, como veredes na programación, xa contamos coa exposición da Consellería da Familia e Xuventude "As mulleres galegas no século XX".

Ó longo deste trimestre seguiremos co desenvolvemento do FIADEIRO MUSICAL que, como sabedes, serán concertos que terán lugar os sábados, cada dúas semanas, comezando o 29 de xaneiro, coa participación de grupos, de diferentes estilos, e coa idea de ofertarlles a oportunidade de darse a coñecer e participar na edición dun CD.

Falando de novidades, comezaremos, en xaneiro, pola presentación do Caderno, o próximo martes 18, realizado por Rosa De-Cal e que nos achega á vida do parlamentario ferrolán das Cortes de Cádiz, de 1812, Alonso López. Feita a presentación do mesmo, os socios interesados poderán pasar a recoller un exemplar do mesmo, mentres non se esgote, pot ter unha edición limitada.

Asemade estamos a prepara-la edición dun disco compacto CD, co FIADEIRO MUSICAL, celebrado o 30 de decembro, na concatedral de San Xulián, nas Festas do Nadal, coas cantautoras Paloma Suanzes, Claudia Campos, María Manuela e Julie Guravich que presentaremos en próximas datas.




PROXIMAMENTE SALDRAN A RÚA
OS CD´S MUSICAIS EDITADOS POLO ATENEO



fiadeiro musical



Con:
Maria Manuela
Julie Guravich
Paloma Suanzes
Claudia Campos



"LA FOTOGRAFIA ES UN JUGUETE MARAVILLOSO
QUE ME PERMITE JUGAR CON EL AZAR"

© Vari Caramés

ATENEO FERROLÁN